



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 43

Sesión Plenaria
6 de outubro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



Orde de día

Punto único.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 16667, 10/DEBA-000001)

Sumario

Retómase a sesión ás once da mañá.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

O señor presidente explica, en primeiro lugar, o desenvolvemento do debate e a seguir dálle a palabra á señora secretaria para que comunique as propostas de resolución que foron admitidas pola Mesa do Parlamento, así como a súa agrupación para a votación. (Páx. 7.)

A señora secretaria (Arias Rodríguez) comunica ao Pleno do Parlamento de Galicia os acordos en relación coas propostas de resolución presentadas ao debate de política xeral de 2017. (Páx. 7.)

Debate das propostas de resolución

O señor presidente abre a rolda dos grupos parlamentarios para o debate das propostas de resolución. (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 10.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 14.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 19.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto das propostas de resolución presentadas: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 32.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 34.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 36.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 39.)

Votación das propostas de resolución

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 11 do G. P. de En Marea: rexeitado por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 46.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 28 do G. P. de En Marea: rexeitado por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 46.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 35 do G. P. de En Marea: rexeitado por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 47.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 14 do G. P. Popular de Galicia: aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 47.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 39 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 55 votos a favor, 14 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 48.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. de En Marea e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 9 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx.48 .)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 37 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 55 votos a favor, 20 en contra e ningunha abstención.* (Páx.48.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 38 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 55 votos a favor, 20 en contra e ningunha abstención.* (Páx.49 .)

Votación da proposta de resolución número 11 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 6 votos a favor, 55 en contra e 14 abstencións.* (Páx.50 .)

Votación da proposta de resolución número 15 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 6 votos a favor, 41 en contra e 28 abstencións.* (Páx. 50.)

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 55 en contra e 14 abstencións.* (Páx.50 .)

Votación das propostas de resolución números 1, 13 e 34 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 20 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás as números 10, 18, 19, 22, 25, 27 e 35: *rexeitadas por 20 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 51.)

Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás as números 1, 10, 11, 15, 13, 15, 18, 19, 22, 25, 27, 34, 35 e 40: *rexeitadas por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx.51 .)

Votación da proposta de resolución número 9 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 20 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención.* (Páx.51 .)

Votación da proposta de resolución número 10 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 20 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 52.)

Votación da proposta de resolución número 18 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 27 votos a favor, 47 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación das propostas de resolución números 4, 6, 8, 20 e 27 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 28 votos a favor, 41 en contra e 6 abstencións.* (Páx.53 .)

Votación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás os números 4, 6, 8, 9, 10, 18, 20 e 27: *rexeitadas por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación da proposta de resolución número 1 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación da proposta de resolución número 2 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx.53.)

Votación da proposta de resolución número 6 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 20 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención.* (Páx.53.)

Votación da proposta de resolución número 17 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación da proposta de resolución número 33 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 28 votos a favor, 41 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 54.)

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 14 votos a favor, 55 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 54.)

Votación das propostas de resolución números 8, 10, 15, 20 e 32 do G. P. de En Marea: *rexeitadas por 20 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 54.)

Votación das propostas de resolución do G. P. de En Marea, agás as números 1, 2, 6, 8, 10, 15, 17, 20, 32, 33 e 40,: *rexeitadas por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 556.)

Votación da proposta de resolución número 18 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 47 votos a favor, 14 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 55.)

Votación da proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 56 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.* (Páx. 55.)

Votación da proposta de resolución número 32 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 55 votos a favor, 14 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 56.)

Votación da proposta de resolución número 34 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 61 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 56.)

Votación das propostas de resolución números 8, 23 e 28 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Votación das propostas de resolución números 3, 6, 10 e 17 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 13 en contra e 20 abstencións.* (Páx. 56.)

Votación das propostas de resolución números 22, 25, 30 e 40 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 55 votos a favor, 20 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia, agás as números 3, 6, 8, 10, 17, 18, 22, 23, 25, 26, 28, 30, 32, 34 e 40: *aprobadas por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 57.)

Remata a sesión ás nove e corenta e un minutos da noite.

Retómase a sesión ás once da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

O señor PRESIDENTE: O esquema do día de hoxe é, en primeiro lugar, que se fará público o anuncio, por parte da secretaria, da agrupación e votación separada das propostas de resolución, que se van votar conforme a información recibida polos grupos parlamentarios. Logo procederase a unha rolda de intervención dos portavoces dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global de todas as propostas de resolución, por un tempo de vinte minutos, e logo unha rolda de fixación de posición dos grupos parlamentarios en relación coas propostas dos outros grupos, por un tempo de dez minutos. E, por último, votaremos as propostas de resolución.

Polo tanto, comezamos coa comunicación, pola señora secretaria da Cámara, das propostas de resolución admitidas pola Mesa e a súa agrupación para a votación.

Cando queira.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

«Comunicación ao Pleno do Parlamento de Galicia en relación coas propostas de resolución presentadas ao debate de política xeral de 2017.

Primeiro. Acordo de cualificación e admisión a trámite das propostas de resolución.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 5 de outubro de 2017, examinou as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2017. Tendo en conta o disposto no artigo 141 *bis* do Regulamento do Parlamento de Galicia e os criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 27 de setembro de 2017, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, en virtude dos cales os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta, adoptou o seguinte acordo:

a) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento número 18278, 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite as 40 propostas de resolución. En relación coas propostas de resolución números 1, 4, 6, 9, 14, 22, 26 e 33, inclúese nelas, de oficio, a expresión «logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios», dado que a creación de comisións e ponencias, así como a reti-

rada de proxectos e proposicións de lei, debe facerse consonte o preceptuado no Regulamento da Cámara.

b) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, documento número 18277, 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite as propostas de resolución.

c) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario de En Marea, documentos números 18280 e 18290, 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite as propostas de resolución unha vez reformulada a proposta de resolución número 38.

d) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, documento número 18279, 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite as propostas de resolución. Na proposta de resolución número 8 corríxese de oficio a expresión «fomento graos en inglés», que debe ser «fomento de graos en inglés».

Segundo. Acordo sobre as propostas de transacción e peticións de votación separada de propostas de resolución.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 6 de outubro de 2017, logo de examinar as propostas de transacción e as peticións de votación separada de propostas de resolución, tendo en conta os citados criterios, adoptou o seguinte acordo:

1º. Tomar coñecemento das propostas de transacción e das peticións de votación separada seguintes:

a) Propostas de resolución transaccionadas:

1) 18315, proposta de resolución resultante da transacción elaborada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 11 do Grupo Parlamentario de En Marea.

2) 18316, proposta de resolución resultante da transacción elaborada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 28 do Grupo Parlamentario de En Marea.

3) 18317, proposta de resolución resultante da transacción elaborada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre a proposta de resolución número 35 do Grupo Parlamentario de En Marea.

4) 18318, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 14 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

5) 18319, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 39 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

6) 18320, proposta de transacción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o Grupo Parlamentario de En Marea e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 9 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

7) 18325, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 37 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

8) 18326, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 38 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

b) Solicitudes de agrupación, votación separada das propostas de resolución:

b. 1) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Proposta de resolución número 11.
- 2.- Proposta de resolución número 15.
- 3.- Propostas de resolución números 1, 13, 34 e 40.
- 4.- Propostas de resolución números 10, 18, 19, 22, 25, 27 e 35.
- 5.- Propostas de resolución números 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 14, 16, 17, 20, 21, 23, 24, 26, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 36, 37, 38 e 39.

b. 2) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia:

- 1.- Proposta de resolución número 9.
- 2.- Proposta de resolución número 10.
- 3.- Proposta de resolución número 18.
- 4.- Propostas de resolución números 4, 6, 8, 20 e 27.
- 5.- Propostas de resolución números 1, 2, 3, 5, 7, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39 e 40.

b. 3) Grupo Parlamentario de En Marea:

- 1.- Proposta de resolución número 1.
- 2.- Proposta de resolución número 2.
- 3.- Proposta de resolución número 6.
- 4.- Proposta de resolución número 17.
- 5.- Proposta de resolución número 33.
- 6.- Proposta de resolución número 40.
- 7.- Propostas de resolución números 8, 10, 15, 20 e 32.
- 8.- Propostas de resolución números 3, 4, 5, 7, 9, 12, 13, 14, 16, 18, 19, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 29, 30, 31, 34, 36, 37, 38 e 39.

b.4) Grupo Parlamentario Popular de Galicia:

- 1.- Proposta de resolución número 18.
- 2.- Proposta de resolución número 26.
- 3.- Proposta de resolución número 32.
- 4.- Proposta de resolución número 34.
- 5.- Propostas de resolución números 8, 23 e 28.
- 6.- Propostas de resolución números 3, 6, 10 e 17.
- 7.- Propostas de resolución números 22, 25, 30 e 40.
- 8.- Propostas de resolución números 1, 2, 4, 5, 7, 11, 12, 13, 15, 16, 19, 20,21, 24, 27, 29, 31, 33, 35 e 36.

2º. As propostas de transacción implican o decaemento das propostas de resolución sobre as que se transacciona, polo que estas non se someterán a votación.

3º. Someterase a votación a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.>>

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora secretaria.

Debate das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Comezamos, polo tanto, co debate das propostas de resolución.

Rolda dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas.

No primeiro día do debate desde o Bloque Nacionalista Galego formulamos nesta Cámara o que entendemos é a chave para enfrontarnos desde Galiza o momento político actual e todos os escenarios que se poden abrir a partir de agora. Un debate necesario, transcendental para o futuro deste país, das galegas e dos galegos. Un debate adulto, maduro, democrático, sen acusacións de gompismo, de insurrección, de balcanización, de supremacismo, de rebelión e toda unha restra de termos que escoitamos decote da Presidencia da Xunta nos medios de comunicación, nas institucións do Estado español, cun único obxectivo: construír unha realidade que atemorice.

A idea que vertebra as propostas de resolución que presentamos desde o Bloque Nacionalista Galego emana dunha vontade política clara: avanzar. Avanzar camiñando colectivamente sen deixar ninguén atrás. Avanzar en dereitos, en liberdades, en democracia, porque diante das incertezas nas que nos atopamos hoxe o que máis medo nos dá ás persoas que facemos

parte do BNG é que todo siga igual. (*Aplausos.*) Que despois dos golpes da crise económica e das políticas neoliberais, da perda de dereitos laborais, da destrución de tecido produtivo e postos de traballo, dos desafiuzamentos, os recortes, a perda de poboación continuada, do despoboamento rural e a emigración xuvenil, o medo que temos nós é que, despois de todo iso, gañen a resignación e o conformismo.

Por iso propomos e defendemos no marco deste debate do estado da nación, deste debate de política xeral, avanzar. Avanzar no desenvolvemento do país, nunha economía posta ao servizo das traballadoras e dos traballadores, avanzar nun cambio de modelo produtivo que sente as bases do desenvolvemento económico do país, mais que non perda de vista o aspecto ecolóxico e a necesaria resposta ao cambio climático. Avanzar desde nós, orgullosas da nosa identidade, da nosa lingua e da nosa cultura, vendo nelas non só un símbolo ao que recorrer de maneira ritual, senón como elementos de creación e de produción que nos unen entre nós —si—, mais que tamén nos ligan con moitos países e pobos do mundo.

Estamos a vivir un dos momentos máis convulsos dos últimos corenta anos—atreveríame a dicir que o que máis para moitas de nós, polo simple feito determos nacido a finais da década dos oitenta—. Querer obviar ese contexto ou desligar o que está a acontecer no Estado español do futuro máis inmediato da Galiza é sinxelamente un insulto á intelixencia colectiva, dentro e fóra desta Cámara. E en momentos de incerteza é preciso facer as preguntas acaídas para obter as respostas que necesitamos. ¿É esta Galiza que nos debuxa no seu discurso diario o Partido Popular a única verdadeira? ¿É este marco saído de 1978 e de 1981 a única Galiza posíbel? ¿É cuestionar o que nos veu dado, sobre o que moitas de nós nin sequera puidemos decidir, unha ameaza? Non.

Aí fóra hai moita xente moi cansa, cansa de que coa escusa da crise económica poidan deixarte sen traballo só con declarar que a empresa prevé reducir beneficios. Cansa de que todo suba, menos os salarios deste país, os segundos máis baixos de todo o Estado. Cansa de estudar unha carreira e un mestrado e inglés para non atopar traballo ou encadear contratos por horas, por días e ter a mente en prácticas ou acabar na emigración. Cansa de ver nas noticias os inxentes beneficios dos mesmos bancos que hai uns anos eran rescatados con diñeiro público; aí non botan vostedes a conta do diñeiro que nos deixan a deber as entidades financeiras a cada traballadora. (*Aplausos.*)

Hai moita xente, moita xente moi cansa de ver unha muller asasinada, violada, discriminada polo simple feito de sermos mulleres, convertidas en titulares ou estatísticas no mellor dos casos. Unha violencia machista que case non provoca reacción social ou política ningunha, alén dun minuto de silencio —e iso se te matan—. (*Aplausos.*) Violencia machista que apenas deixa un par de liñas na intervención do presidente da Xunta nun dos principais debates do ano, nin unha soa reflexión do que estamos a vivir, nin sequera unha cifra. Tres asasinatos no que vai de 2017: Ana, María José e Javier, un neno de 11 anos. (*Aplausos.*) Unha violencia que non convoca gabinetes de crise nin declaracións excepcionais da Xefatura do Estado, nin reunións gobernamentais de urxencia nin despregamentos policiais de emerxencia. Non houbo maneira de que hoxe aceptasen compromisos orzamentarios concretos, o 1 %, ¡o 1 %! Basta xa de non se comprometer a nada.

Hai moita xente cansa de ver que a democracia chega apenas até onde dá a maioría absoluta do goberno de turno, unha suposta democracia que permite impor os intereses da oligarquía coa reforma do 135 da Constitución, coa reforma laboral ou coa sinatura dun tratado de libre comercio, mais non debater a transferenciada AP-9, acordada unanimemente por esta Cámara. (*Aplausos.*) ¿E saben por que? Porque o Partido Popular —os seus— non teñen os votos suficientes nas Cortes españolas para dicir que non, de maneira que directamente non se debate. Ese é o resultado da súa submisión, da súa pleitesía ao Goberno central. Lévanos á irrelevancia política como país nun momento no que iso pode facernos retroceder todos.

Repito: ¿é esta a única Galiza posíbel?

Desde o BNG formulamos 40 propostas de resolución neste debate sobre o estado da nación para dar resposta aos problemas reais de milleiros de persoas neste país. Propostas —insistimos— para avanzar colectivamente sen deixar ninguén atrás, mais, sobre todo, para recuperar dereitos: dereitos laborais, dereitos sociais que perdemos ao longo dos últimos anos, especialmente durante os nove do seu goberno. Deixen de esconderse detrás do Goberno bipartito e asuman a súa propia herdanza. (*Aplausos.*) Miren, levan vostedes máis anos no goberno outra vez do que eu dada de alta na Seguridade Social. Están diante das cifras da súa propia xestión política. (*Aplausos.*)

Neste senso, un dos problemas que atinxe actualmente a este país é a consolidación da precariedade, a consolidación da precariedade como modelo de traballo. Datos do Ministerio español de hai uns días: 774.500 contratos acumulados no noso país, dos que o 92 % son temporais. Outro exemplo, dato tamén do Ministerio de Traballo: na Galiza medrou o paro no mes de setembro, perdéronse máis de 6.000 cotizacións á Seguridade Social e, aínda así, asináronse 649 contratos máis que no mes anterior.

Urxe —e así o recollemos nas propostas de resolución— derrogar as reformas laborais e elaborar un plan de choque galego contra o desemprego e a precariedade, con medidas dirixidas aos grupos de atención prioritaria: a mocidade, as mulleres, as persoas desempregadas de longa duración e, por suposto, con accións específicas para as persoas autónomas, para as que reclamamos que se modifique a lexislación vixente co obxectivo de que coticen en función dos seus ingresos. Melloras condicións laborais e salariais para garantir non só un traballo digno para quen vive aquí, senón posibilitar o retorno daquelas persoas forzadas á emigración nos últimos anos, nomeadamente a mocidade.

Fronte a esta realidade, desde o BNG continuamos a defender o Plan Retorna, non como un brindado ao sol, non como unha escusa para introducir unha crítica ao Goberno de Venezuela, (*Aplausos.*) senón como un compromiso real, como un conxunto de medidas transversais dirixidas ao acceso á vivenda, a programas de investigación, de desenvolvemento e de innovación ou á incorporación da mocidade aos sectores produtivos estratéxicos do noso país. Dereitos son mellorar as condicións das persoas maiores, desde a suba das pensións —e teñen enriba da mesa unha proposta concreta: aumenten o complemento autonómico das non contributivas— (*Aplausos.*), mais tamén significa garantir servizos de atención próxi-

mos, públicos e de calidade, independentemente de se viven as persoas no centro dunha urbe ou na media e alta montaña, que —si— tamén existe e na que aínda vive xente.

Pregunta dicotómica a este respecto en formato referendo: ¿van reclamarlle ao Goberno do Estado español a débeda que ten pendente con Galiza en materia de dependencia? 150 millóns de euros, volvemos pórllelo por enésima vez enriba da mesa. ¿É fácil: si ou non? Decidan. (Aplausos.)

Recuperar os dereitos perdidos pasa por blindar servizos públicos como dereitos fundamentais que son, con compromisos orzamentarios reais e non suprimindo áreas sanitarias comarcais, coa recuperación dos postos de traballo destruídos, revertendo os procesos de privatización e procurando unha xestión máis eficiente dos mesmos a través da superación do marco provincial, cara á promoción de espazos de cooperación supramunicipal, non fusionacións de concellos; comarcalicemos servizos, garantamos condicións de vida dignas fixando poboación, nomeadamente nos espazos rurais.

Avanzar sen deixar a ninguén atrás é rematar con esta Galiza a dúas velocidades que deixa a metade do país á marxe, nomeadamente en Lugo e Ourense. Por iso defendemos un plan integral plurianual de desenvolvemento rural, un plan real e non as mesmas medidas do Plan de desenvolvemento europeo de 2015, vendidas agora cun lazo novo.

Prezos dignos para o primeiro elo da cadea —o primeiro, e non o último—, prezos dignos en orixe para garantir unha vida digna no sector primario. Terras agrarias á disposición de quen as precisa a través do Banco de Terras. Diversificación, revertir a intensificación das explotacións e con ela a dependencia dos insumos foráneos. Reducir custos de produción en definitiva.

Aproveitamento multifuncional do monte, silvopastoreo contra o lume, prevención e non só extinción, no marco dun rural vivo.

Mais tamén infraestruturas, infraestruturas que conecten o interior do país entre si e co eixo atlántico. Vertebración do territorio e un ferrocarril digno de levar tal nome. Volver co do AVE a Lugo sinxelamente é un insulto á intelixencia. (Aplausos.)

Volvemos pór riba da mesa a creación dun ente ferroviario público e galego que xestione o tren de proximidade e tamén o antigo Feve para atender as necesidades reais deste país e non compracer os intereses e bandullos alleos.

Fronte ao curtopracismo da Xunta, queremos introducir unha perspectiva a longo prazo: ¿en que país queremos vivir? ¿Como imos afrontar os grandes retos que ten Galiza por diante en materia de financiamento, de demografía, de desenvolvemento económico, de equilibrio territorial? Neste senso, propomos camiñar cara a un novo modelo produtivo baseado no respecto ao medio e non na depredación do territorio. Retiren a Lei de iniciativas empresariais. (Aplausos.) Un modelo baseado no aproveitamento das potencialidades propias que aposte na innovación e na creación de valor engadido, deixar de ser un mero fornecedor de materias primas para pechar ciclos produtivos aquí.

Avanzar en dereitos si, mais tamén en liberdades, na superación deste posfranquismo no que vivimos. Defendemos o desenvolvemento dunha política pública da memoria, para facer valer o dereito á verdade, á xustiza e á reparación das vítimas do fascismo; a devolución ao pobo dos bens espoliados pola ditadura, todos; e rematar coa impunidade desa xente. *(Aplausos.)*

Democracia fronte á ocultación, fronte á imposición dun relato falaz. Onte si, mais tamén hoxe.

Por iso insistimos na creación dunha comisión de investigación neste Parlamento sobre o maior accidente ferroviario da nosa historia. Queremos coñecer a verdade, queremos depurar responsabilidades públicas e reparar as vítimas e os familiares do sinistro de Angrois, garantindo que non poida volver repetirse. Non se pode pechar todo en falso, como se aquí non tivese acontecido nada. *(Aplausos.)*

En síntese, desde o BNG propomos con estas 40 propostas de resolución mudar o paradigma, cambiar a perspectiva, deixar de aceptar todo aquilo que se supón que non podemos cambiar, para comezar a mudar o que non podemos nin debemos aceptar. E para iso precisamos as ferramentas políticas que nos permitan facelo, e iso, señorías, pasa irremediabelmente por superar o actual marco estatutario e constitucional, un marco que despois de todo o tempo transcorrido resulta máis un corsé, un traxe estreito que un instrumento útil, un marco sobre o que a miña xeración non puido decidir en que momento se supón que imos poder cuestionalo sen incomodar a ninguén, en que momento imos poder cuestionalo sen pedir permiso.

Por iso, defendemos a creación dunha ponencia para abordar un novo marco institucional, partindo do que somos, unha nación, deixando atrás arcaicas, reaccionarias e antidemocráticas institucións monárquicas. Quen queira ser representante público que se presente ás eleccións. *(Aplausos.)* Un novo marco que permita blindar os dereitos sociais e as liberdades públicas deste país, garantindo un maior progreso e benestar colectivo. A que temos non é a única Galiza posíbel.

Remato como comecei. Estamos a vivir un dos momentos máis convulsos dos últimos corenta anos. Non é tempo de permanecer inmóbiles.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Hemeroteca: biblioteca na que se gardan e serven ao público diarios e outras publicacións periódicas. Pois ben, tres perlas.

Unha. Ningún outro debate se celebrou en condicións máis infames —dixo antonte o presidente da Xunta de Galicia—. Claro que esqueceu que foi el mesmo quen quixo que coincidise xusto despois do referendo de Cataluña, e a súa maioría na Mesa desbotou calquera posibilidade para cambiar a data. (*Aplausos.*) Quizais porque, agochándose detrás da cuestión catalá, agocha a súa propia parálise e o pouco que ten que ofrecer como balance durante este case primeiro ano de lexislatura.

Dúas. Moitos dos problemas de desgobierno que estamos a vivir no conxunto de España explícanse polo abuso que exercen algunhas forzas políticas que non gañan as eleccións democráticas. A reforma da Lei do réxime electoral xeral é unha das reformas políticas que necesita España para blindar as administracións e non poñer en risco a democracia. Pero, claro, o presidente da Xunta esquecíase do que vai pasar en Tui o próximo día 17 de outubro, cando haxa unha moción de censura, (*Aplausos.*) moción de censura que vai encabezar un señor que, ademais de aspirar a que Tui sexa un principado como Liechtenstein, se identifica como libertario e nacionalista. Ata dixo: «Defendo o dereito e a vontade democrática dunha maioría de cidadáns dun pobo que comparte uns trazos culturais a manifestar o seu libre desexo de se agrupar, autoorganizarse e decidir democraticamente cal é o marco xurídico no que se quere votar, incluíndo a decisión de compartir ou non a súa soberanía». Carlos Padín se chama este señor que previsiblemente vai ser o vindeiro alcalde e só ten dous concelleiros na corporación municipal, (*Aplausos.*) dous concelleiros polos sete que suman o Partido Popular e as súas escisións. Semella un pouco contraditorio dicir que governe a lista máis votada e vir cunha proposta de resolución a este Parlamento *asegún me convenga en cada sitio*.

¿Podería ser que na votación desta mañá os señores Rueda e Moisés Rodríguez, que representan respectivamente a provincia de Pontevedra e tamén a Tui nesta operación para botar un alcalde socialista da alcaldía, votasen en contra da proposta número 23 do Grupo Parlamentario Popular? Verémolo.

E tres. «O AVE galego chegará a Ourense en 2019». Logo resulta que onte mesmo no *Boletín Oficial do Estado* se publicaba a licitación da obra civil, da construción da plataforma, polo que, unido a que só ten un orzamento de algo máis de 7 millóns de euros e que do outro tramo aínda están sen rematar as expropiacións dos terreos, vai ser moi difícil que esta frase, «o AVE galego chegará a Ourense en 2019», sexa verdade. Quizais, quizais, a frase puidese ser a que ilustraba esta fotografía na que o ministro de Fomento dicía: «*Nos comprometemos a agilizar todas las obras para que Galicia pueda estar conectada por alta velocidad con el resto de España en el menor plazo posible.*» Pois ese menor prazo posible será, como pouco, o ano 2022. (*Aplausos.*)

Señoras e señores do Partido Popular, miren vostedes o último ano escaso, e en vez do estado da nación quizais a este debate lle poderíamos chamar o estado da inacción. E iso define o que foi este ano na presidencia do señor Núñez Feijóo. Necesitamos políticos de verdade, non un presidente de comunidade autónoma que nin sequera lles pode demandar aos seus compañeiros de partido na Mesa do Congreso que voten a favor da transferencia da AP-9 a Galicia, que votamos aquí de maneira unánime; un presidente que un día di unha cousa, mañá di a contraria, ou di cousas diferentes segundo estea aquí, en Tui ou en Madrid.

Os socialistas non queremos isto, queremos diálogo, para desenvolver os cambios políticos e económicos que Galicia precisa xa. E por iso presentamos 40 propostas de resolución, dirixidas a reforzar os servizos públicos, a modernizar a economía galega e a impulsar a creación de emprego, a reforzar o noso autogoberno e, sobre todo —o que máis importa—, a pensar nas persoas, non as que estamos aquí, senón sobre todo as que están fóra. *(Aplausos.)*

Evidentemente, non podo falar de todas, non podo falar das 40 propostas, porque non tería tempo. Vou falar das máis relevantes para o noso grupo parlamentario.

En primeiro lugar... Presidente, eu non sei se molesto excesivamente, porque dende que comecei a miña exposición non paro de escoitar un runrún, runrún, runrún... *(Murmurios.)* Gustaríame...

O señor PRESIDENTE: Hai algo, pero ten sido peor, pero hai algo *(Risos.)*, pero ten razón, ten razón a señora deputada, hai algo. Polo tanto, prégolles que se garde silencio, porque o máis importante é respectar o uso da palabra, porque despois falarán todos.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Iso é importante, despois van falar todos. Respectemos a quen estea no uso da palabra; se non, é un parlamento que non transmite o que quere a sociedade, e estanos mirando. Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: En primeiro lugar, trátase de reforzar os servizos públicos, e por iso propoñemos un plan urxente para rematar coas listas de agarda da dependencia para ao redor de 18.000 persoas que teñen recoñecido o dereito e aínda están á espera de recibir a súa prestación e pode que morran antes de recibila.

A vostedes écheselles a boca ultimamente; nestes últimos días falan de cumprir a lei, cumprir a lei; pois cumpran a Lei de promoción da autonomía persoal do ano 2006, que foi aprobada polo presidente Zapatero. *(Aplausos.)* Cúmprana. Non só vostedes poden traer o nome de Zapatero a esta Cámara, nós tamén e con maior motivo. E cúmprana co ritmo de creación de prazas dos gobernos do tamén socialista Emilio Pérez Touriño e así Galicia terá, en 2018, 84.000 dereitos a prestacións, 24.000 máis dos que vostede o outro día dixo no seu discurso. Reivindicamos a retirada do anteproxecto de modificación da Lei de saúde de Galicia, en resposta aos milleiros de persoas que están protestando na rúa, no Salnés, na Mariña, en Lemos, en Valdeorras. E ninguén os engana. Os cidadáns non son idiotas e saben de sobra que é o que queren cando saen á rúa pedir o exercicio dos seus dereitos. *(Aplausos.)* Se vostedes non o retiran, pode ocorrer que pase como con aquel anteproxecto estupendo da Lei de acuicultura, que un día era unha cousa e que ao día seguinte resulta que había que consensualo coa sociedade e que por iso se retirou.

Señora conselleira, ¿recorda vostede os miles de persoas que estabamos na praza do Obradoiro pedindo a retirada cando chovía e caían chuzos de punta? Pois o mesmo vai ocorrer ou pode ocorrer con este Anteproxecto de lei sobre a saúde, sobre a sanidade. Amosen a súa vontade de diálogo. Necesitamos reforzar o persoal sanitario con 1.600 novas prazas, e así o

propoñemos, cun plan de contratación de profesionais de atención primaria, porque, señoras e señores do Partido Popular, está demostrado que unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade para que os hospitais funcionen mellor, con esa eficiencia da que vostedes tamén sempre presumen, que deixarán de estar saturados en urxencias. Amosen por unha vez que, efectivamente, apostan pola sanidade pública.

Aposten tamén por unha educación pública. Voten a favor da nosa proposta de Lei galega de educación, aumenten o número de prazas públicas nas escolas infantís, muden ese sistema de transporte escolar, que xa agora mesmo é un caos dende que comezou.

En segundo lugar, trátase de modernizar Galicia, pensando na recuperación económica que semella vai chegando. Nós propoñemos potenciar o I+D+i ata niveis semellantes aos da media europea. Pedimos que se incrementen os niveis de financiamento público para que nos tres vindeiros anos existan incrementos anuais un 50 % por riba do crecemento que se prevé para o PIB.

Propoñemos tamén rematar todas as infraestruturas pendentes en Galicia, para acabar dunha vez con ese desequilibrio territorial e fixar poboación, sen esquecernos nunca do respecto ao medio ambiente. ¿Esta non era a lexislatura do rural? Pois demóstrano e voten a favor das nosas propostas en materia de transporte.

O outro día no discurso do presidente, salvo que eu erre —que pode ser, evidentemente—, non escoitamos a palabra concellos, nin concello, nin concellos. Diría a miña avoa: *no tiene perdón de Dios*. A nós si nos preocupan os concellos, e por iso nas nosas propostas instamos ao cumprimento do Pacto local, para que en 2018 volvan ao financiamento de niveis do ano 2008, chegando ata a aprobación dunha lei de financiamento local que sexa acordada e dialogada coa Fegamp. (*Aplausos*.)

En terceiro lugar, trátase de afondar nun maior autogoberno. Presidente, ten que ir vostede —non sei se aquí ou a Madrid— dar un golpe na mesa e lembrarlles a Mariano Rajoy e a Ana Pastor que Galicia está para algo máis que para abrir o baile da Peregrina no mes de agosto. Que o presidente da Xunta tamén existe, tamén está, e hai que escoitalo e sobre todo facerlle caso. Acepten a nosa reclamación da AP-9, a nosa petición dunha comisión sectorial na Comisión Mixta de Transferencias para que nola transfiran, porque a aprobamos aquí e nós temos capacidade e soberanía para aprobalo. Acepten a nosa demanda ao Goberno do Estado para recuperar a redución das peaxes.

Señor Feijóo, dialoguen. Nós reivindicamos o valor da política e a necesidade do acordo entre as forzas políticas. Para o presidente nunca é momento de falar, non se pode falar nin nos momentos bos nin nos malos. Non se pode dialogar para cambiar o director da Compañía de Radiotelevisión de Galicia nos momentos bos e non quere falar para modificar a Lei do Consello Consultivo de Galicia por acordo, preferindo manter como presidente un señor que segue investigado pola Xustiza.

Este é o momento de falar, aínda que sexa un momento malo. O que sería unha irresponsabilidade sería negarse a facelo. Sería unha irresponsabilidade negarse a falar da reforma do

Estatuto de autonomía. Precisamente este é o momento de dialogar e de falar, e por iso plantexamos a reforma da Constitución no Estado e do Estatuto en Galicia.

Os socialistas deploramos a ruptura da orde constitucional e do dereito internacional e reivindicamos, dende hoxe e dende sempre, o respecto ao Estado de dereito. (*Aplausos.*) Nos momentos de tempestade, señor presidente, é xustamente cando os políticos que sexan políticos de verdade teñen que estar á altura das circunstancias e nese momento é cando teñen que dialogar; se non, é moi fácil facer e falar de diálogo. Hoxe Juanjo Millás falaba, nun artigo, de: «hai que, hai que, hai que», que amosa o peor das familias: cando hai que ir facer a compra, case sempre é o home quen lle di á muller: «hai que limpar os cuartos de baño»; pois un «hai que», pola súa banda, a nós nin nos serve para nada nin nos vale, señor presidente.

Onte un diario nacional, *Diario.es*, convocou case un centenar de persoas, relacionadas coa cultura, nun texto, «*Voces por el diálogo*» —chamouno—, persoas que teñen relación con Cataluña; estendeuse polas redes como a pólvora; miles de «me gusta» berraban polo diálogo. Sexamos responsables, señor presidente, e fagamos política de altura, porque facer política nos momentos fáciles é moi sinxelo; o difícil, e onde os gobernantes de verdade dan a cara e pasan á historia, é cando fan política nos momentos complexos.

E, en cuarto e último lugar, trátase de ter presente que a política se fai para as persoas, e hai persoas, sobre todo xente nova, mulleres e as persoas que están no paro dende hai moitos anos, que precisan traballar. Nós propoñémoslles unha estratexia de loita contra o desemprego, acordada cos axentes sociais e económicos, e que se incrementen os recursos para as políticas activas de emprego, ata chegar como mínimo a niveis do ano 2011.

Propoñemos recuperar as condicións de traballo dos empregados públicos. Dignifiquemos de novo a escola pública, os mestres e os profesores. (*Aplausos.*)

Aproben a nosa proposta de plan estratéxico de igualdade de xénero no medio rural de Galicia, no que a prevención e a erradicación da violencia de xénero teñen que ser prioritarias sobre o resto de obxectivos. Non digo violencia de xénero; retiro a expresión, presidente: a violencia machista. Acepten a nosa proposta de presentar un proxecto de lei de identidade de xénero para Galicia, para que calquera persoa, sexa como sexa, ame a quen sexa ou queira ser quen sexa, teña os mesmos dereitos que os demais.

E non me podo esquecer, non nos podemos esquecer dende o Grupo Parlamentario Socialista, de dúas verbas que nos definen como socialistas: humanidade e solidariedade. Hai persoas fóra das nosas fronteiras que están agardando e que piden só unha oportunidade para vivir dignamente en liberdade. (*Aplausos.*) Só temos 159 refuxiados dos máis ou menos 1.200 que terían que vir a Galicia, e iso debería darnos vergonza. Aos do Grupo Parlamentario Socialista dámos vergonza. Por iso lles propoñemos pedilo en España, propoñemos —lea a nosa proposta de resolución— que cumpran coas obrigas para non sonroxarnos nunca máis.

Pedimos, tamén, un informe trimestral sobre o plan de acollida para persoas refuxiadas da nosa comunidade e establecer un programa de axudas para aquelas familias galegas que son

máis decentes que moitos dos que estamos nesta Cámara e xa teñen acollido refuxiados ou o van facer. (*Aplausos.*)

E remato xa. Penso que diálogo e concordia, nestes momentos, son as verbas que nos teñen que guiar. Nós apostamos polo diálogo, para desenvolver cambios políticos e económicos dende agora mesmo; presidente, temos tres anos, de aquí a que remate a lexislatura, salvo que vostede decida ir a Madrid e convocar eleccións antes.

Non se sitúen na irresponsabilidade nin na parálise e non nos neguen o diálogo, nesta Cámara, para poder aprobar as propostas do noso grupo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

Señoras deputadas e deputados, feliz Día Internacional do Traballo Decente, proclamado pola Organización Internacional do Traballo. Convén festexalo nun país onde ao 17 % da clase traballadora o seu salario non lle dá para saír da taxa de risco de pobreza ou exclusión social. (*Aplausos.*) Ese é o modelo que vostedes queren consolidar para a xente que traballa. Nin sequera traballar e ter un salario che garante poder vivir dignamente neste país.

Imos comezar sorprendendo: nós imos votar en contra da proposta de resolución número 37 do Partido Popular, de apio ao discurso do rei; creo que é unha gran sorpresa para todos. Lémola, non vimos abdicación, non vimos república e, polo tanto, votaremos que non. Ademais, porque non admitimos leccións de democracia do herdeiro de Franco. Non admitimos leccións de democracia de quen está nun posto polo cal non foi votado e que dá un discurso digno de ser herdeiro do herdeiro do franquismo. Faltoulle cuestións de estilo: «*os da roja*», «*cautivo y desarmado el Ejército rojo*». Faltáronlle cuestións de estilo, pero xa se sabe que as copias sempre son peores que os orixinais. (*Aplausos.*) Por iso non imos votar esa proposta de resolución. O señor Felipe VI non nos vai dar ningunha lección de democracia á xente que sempre loitamos por ela.

Ben, pois coa intervención do señor Feijóo de hai dous días vivimos un novo «día da marmota»: a axenda de problemas é a mesma que encaramos desde o inicio da crise, o cartafol de solucións segue igual de baleiro, a materia co que se modela o goberno inexistente do Partido Popular é a soberbia dunha maioría absoluta e absolutamente ineficaz.

Vostedes son partidarios da *medocracia* e non da democracia. Din vostedes que lles doe Cataluña, que lles doe Galicia. Déixense de lerias, señoras e señores do Partido Popular. O único que lles doe é perder o poder e que aos seus amigos das grandes empresas lles mingüen os beneficios. Iso mesmo dixo o señor Feijóo sobre os obxectivos do *procés* catalán. El dicía que era para non perder o poder e para seguir facendo negocio. Iso era que se estaba mirando ao espello, porque pensa o ladrón que todos son da súa condición.

Pero a vostedes tráelles sen coidado o sacrificio da xente do común, e cando non lles funciona a propaganda, o Goberno inexistente activa o discurso do medo. Son partidarios da *medocracia*, non da democracia. Medo que lles vale para tapar todas as súas irresponsabilidades e carencias como Goberno. Medo para demonizar toda voz crítica, disidente ou desconforme, que discuta as súas políticas autoritarias, a súa complicidade coa corrupción, ou o sacrificio da austeridade que impón, en beneficio dunha minoría de especuladores, ou o espolio que remata cos nosos recursos naturais e bens comúns.

Medo que un día se chama Venezuela, medo que outro día se chama Cataluña, medo dos okupas, medo que titulan como turismofobia, medo para esconder a súa falla de goberno, de capacidade de decisión e de compromiso con este país. *(Aplausos.)*

O que veu facer o señor Feijóo o outro día é facer propaganda e propagar medo, e ameazar cidadáns e cidadás desconformes, que nós representamos, e di que nos colocamos fóra da legalidade. Deixen de disfrazar o seu autoritarismo cun pano de legalidade, deixen de encerrar cidadáns e cidadás con medos, mentiras e falsidades, deixen de facer listas negras da cidadanía rebelde.

E nós dicímoslles que non lles temos medo. Sabemos que vostedes practican a guerra sucia, pero non lles temos medo. Sabemos que fan listas negras, non lles temos medo. Sabemos que coaccionan e ameazan, pero non lles temos medo.

Veñen vostedes aquí representar con gran solemnidade o papel de voceiros supremos do partido da orde constitucional e da legalidade. Vostedes sinalan liñas vermellas para decidir quen está dentro, quen está fóra, quen ten lexitimidade democrática e quen representa a tiranía das minorías. Iso si, cando lles toca exercela a vostedes, ben que a fan; cando lles convén, ben que a fan. *(Aplausos.)*

Son vostedes intolerantes coa discrepancia, son os representantes da Constitución do garrote, da limitación dos dereitos e liberdades, dos consensos forzados e obrigados desde unha posición de forza, propia dun estado de excepción, é dicir, un Estado onde a verdadeira democracia é o excepcional, onde a democracia é reprimida.

Señoras e señores do Partido Popular, toda constitución democrática ten un núcleo básico: o dereito a decidir, o dereito a decidir democraticamente todo, a exercer plenamente os dereitos para construír a convivencia e as políticas comúns a través do diálogo, e de decidir libremente as relacións das nosas nacións coas outras nacións e co Estado. E para recordarlles isto, o valor fundacional do dereito a decidilo todo en democracia, presentamos unha proposta de resolución.

O valor dunha constitución política baséase na súa capacidade para acompañar os cambios da sociedade á que lle dá soporte institucional e político, non en aferrarse ao inmovilismo. A súa constitución é a do inmovilismo e a do garrote. A nosa é a que se fundamenta no dereito a deliberar, a decidir sobre todo, dando así sentido democrático pleno ao noso autogoberno. Van mal en democracia, señores do Partido Popular, porque van mal en memoria histórica e aínda non saldaron contas co seu pasado autoritario. *(Aplausos.)*

A súa Constitución está ao servizo da construción dos consensos obrigados; a nosa, a favor do recoñecemento das diferenzas, dos disensos, da pluralidade, esa pluralidade que se sacrifica todos os días nos medios de comunicación públicos que vostedes xestionan como medios de comunicación de partido.

Traemos unha resolución para garantir que neses medios públicos galegos haxa unha información precisa, plural, veraz, e para lograr a equiparación á actual representatividade política deste Parlamento nos órganos de control da CRTVG.

Vostedes invocan a legalidade, pero miran para outro lado diante dos casos de corrupción que corroen o seu partido e as administracións que ocupa o Partido Popular. No PP hai moito partidario de impoñerlles a legalidade aos demais, mentres se procuran para eles a impunidad plena. Os sumarios de corrupción están ateigados de dirixentes do seu partido. Non teñen lexitimidade para vir aquí dar leccións de cumprimento da lei, señoras e señores do Partido Popular, por moito que lles doa (*Aplausos.*)

Para o control e a fiscalización das malas prácticas políticas, queremos que este Parlamento resolva pedir a creación dunha Fiscalía Anticorrupción en Galicia, cos medios precisos para soste unha loita eficaz, contundente e contra a corrupción.

Tamén falan de golpismo e Constitución. Para golpes á Constitución, os que lle dá o Partido Popular. Non falen de golpismo, por favor. Non hai dereito social recoñecido na Constitución que vostedes non teñan golpeado, aldraxado ou rebaixado. Vostedes son inmovilistas para defender o malo e reaccionarios para impedir o bo. Non queren ningunha reforma progresista da Constitución, pero aproban decretos e leis que son auténticas contrarreformas constitucionais que liquidan o dereito ao traballo, á vivenda ou á universalización dos servizos educativos ou sociosanitarios.

Por iso, nós loitamos por rematar coa demolición controlada do sistema de benestar. En sanidade, as súas políticas están destinadas a baleirar de recursos a sanidade pública, precarizando as condicións laborais do persoal, que atende os nosos fillos e os nosos maiores, derivando pacientes á sanidade privada, porque con vostedes sempre hai alguén que se remata beneficiando.

Outro tanto acontece coa educación pública. Non é só Outes ou As Pontes. Nos últimos oito anos pecharon 116 escolas públicas. Nese mesmo tempo abriron 220 unidades privadas e concertadas. De novo, os cartos públicos rematan na empresa privada. Trátase —o seu modelo— de converter un servizo público no negocio duns poucos.

Precisamos reverter os recortes en sanidade e en educación, para mellorar o servizo, para non depender de convenios con empresas privadas e para recuperar os postos de traballo públicos. Pero o benestar non é só sanidade e educación. Precisamos tamén un sistema de benestar social que garanta o dereito constitucional a unha vivenda digna.

Señor Puy, o outro día dixo vostede que só tratamos isto en pleno unha vez no que levamos de lexislatura. Se quere, teño aquí as dez veces que trouxemos a debate a vivenda e os desafiu-

zamentos (*Aplausos.*) esta lexislatura; aquí llas dou cando remate isto. E non colla o costume de contar mentiras, porque esa fama despois é moi difícil de quitar de encima, señor Puy.

Necesitamos unha política de benestar que atenda novas necesidades invisibilizadas durante décadas, como é a do papel dos coidados, en que as administracións deben intervir para evitar que este traballo recaia sempre nas mulleres. Propoñemos, claro, un pacto galego pola conciliación e unha estratexia galega de socialización dos coidados.

Na dependencia, Galicia segue por baixo da media estatal de solicitudes de axudas para a dependencia, e a porcentaxe de prestacións efectivas sobre os beneficiarios do sistema é das máis baixas do Estado. Nós apostamos por un sistema de benestar universal que reverta os recortes, que amplíe dereitos e que dea resposta ás necesidades novas.

Tamén vostedes só se acordan da solidariedade para falar de Cataluña. A súa política de recortes e limitación de dereitos non só é un exemplo desapiadado da destrución do Estado de benestar, tamén é de aniquilamento do Estado da solidariedade; mercantilizan o benestar. E para rematar con esta deriva darwinista, instamos a Xunta na nosa proposta de resolución a aumentar os seus investimentos sociais para dar soporte financeiro á lei superadora da actual Risga mediante unha renda galega de cidadanía como dereito subxectivo.

Demandamos tamén unha estratexia de atención a persoas sen fogar e transeúntes, a dotación dun parque de vivendas de titularidade autonómica para alugueiro social que garanta o dereito á vivenda digna.

Entendemos necesario un plan de choque para reducir o número de persoas en situación de privación material severa e un plan para aliviar a pobreza enerxética. Non podemos tolerar o que está a acontecer: que os desafiuzamentos, a pobreza enerxética e a pobreza teña o carácter estrutural que ten hoxe neste país. E as súas políticas combaten isto con maquillaxe superficial. Non están dispostos a afrontar os cambios estruturais que precisa este país para que non haxa pobreza enerxética, para que a xente non quede sen vivenda e quede na rúa e para que a xente non sexa pobre e poida ter unha vida digna. Só os preocupa o desgaste electoral destes problemas e non estes problemas. (*Aplausos.*)

É fundamental e imprescindible que se reforcen os programas de atención á infancia e á familia, ata cando menos o gasto medio da Unión Europea, para impulsar un plan de choque contra a pobreza infantil en Galicia, que se incrementou nestes anos de crise dun xeito espectacular nuns tramos de idade onde moitas veces os efectos continuados desta situación son irreversibles e comezan a cadea da pobreza. Temos que cortar polo san para cortar esa cadea.

Hai que ampliar a cobertura e protección das nosas persoas maiores e é necesario exixir ao Goberno do Estado que derroque a reforma das pensións. Hai que asumir sen medias tintas unha política de recuperación do poder adquisitivo das pensións públicas.

Temos que mellorar a situación das persoas dependentes e das súas coidadoras. Temos que dotarnos dun sistema galego de asistencia persoal para a vida independente e comprometer

as partidas económicas necesarias para garantir o cumprimento da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade.

Fracasan vostedes na xestión pero tamén en empatía. Hai días En Marea, no Congreso dos Deputados, rachou a coalición do silencio e conseguiu abrir unha comisión de investigación sobre o accidente do Alvia. Quedaron sós vostedes, o Partido Popular, na defensa infame do silencio; as vítimas queren saber a verdade. *(Aplausos.)* E nós, no Parlamento de Galicia, defendemos de novo a apertura dunha comisión de investigación sobre a seguridade ferroviaria. Hai que dar respostas, hai que render contas e hai que prever que non volvan acontecer traxedias como as que aconteceron. Teñen empatía cero coas vítimas, e non sabemos que esconde.

A igualdade real e non discriminación das mulleres non se consegue con declaracións, non se consegue con titulares. Nós defendemos que as políticas públicas que fagamos leven unha ollada de xénero transversal, que sexa a maneira de levar políticas feministas a todos os ámbitos. Defendemos que cando menos o 1 % dos orzamentos vaia destinado a estas liñas políticas.

Precisamos que a solidariedade sirva para paliar e resolver aqueles problemas que avergoñan o mundo. A inacción diante da crise dos refuxiados de Siria fai que as leccións de humanidade e de dereitos humanos, de democracia, que vostedes levan facendo durante toda esta sesión, durante todos estes días, sexa unha farsa; farsa porque o señor Rajoy incumpriu os seus compromisos diante dunha crise humanitaria sen precedentes. Tampouco teñen lexitimidade vostedes para dar leccións sobre isto. Este Parlamento e a Xunta de Galicia, por dignidade e humanidade, deben comprometerse realmente cun plan de acollida de persoas refuxiadas.

Vostedes renunciaron a ser unha peza clave como Goberno galego no desenvolvemento da economía produtiva deste país. A crise valeulles de coartada para decretar a retirada do autogoberno galego, do impulso, control e planificación das políticas económicas, para renunciar a unha intervención decidida para dinamizar a creación de emprego de calidade e frear o devalo da nosa poboación activa. Un goberno sen políticas económicas e industriais non é un goberno. A súa política nos sectores produtivos máis relevantes de Galicia foi deixar facer sobre todo e sobre todo deixar desfacer aos grandes actores económicos en prexuízo dos pequenos e medianos actores económicos, en prexuízo dos pequenos e medianos empresarios, dos autónomos e das iniciativas de economía social.

Para tapar a ausencia de políticas económicas públicas inventaron unha lei de desregulación económica que eufemisticamente bautizaron como Lei de fomento de iniciativas empresariais, que non é outra cousa que unha lei de promoción do espolio económico dos bens comúns e naturais, unha lei de repartición do botín mineiro, enerxético e forestal. *(Aplausos.)*

Falei o outro día de que vostedes apostaban polo modelo de converter Galicia en Katanga. Pois, casualmente, días despois, sóbose que quen quere dirixir a mina de Touro a ceo aberto vén de traballar en Katanga. Casualidades da vida.

Vostedes institucionalizan un modelo colonial de explotación de recursos naturais e vísteno de progreso e de creación de riqueza. Ese modelo, coñecido no Terceiro Mundo durante anos e anos, non é o que crea emprego, destrúeo; non é o que crea riqueza, destrúea; hipoteca o futuro deste país, porque esas empresas multinacionais, cando saen de aquí, deixan os impactos que temos que asumir todos con diñeiro público, coa nosa saúde e co destrozado do noso medio ambiente, e vanse e deixan aquí só as limosnas.

Precisamos tamén un plan de choque urxente contra o desemprego daqueles sectores máis afectados pola crise económica. Precisamos urxentemente dun plan de loita contra a explotación laboral, reforzando o papel de inspección laboral. Non se pode consentir o que se está vendo en moitos centros de traballo. Non se pode consentir que tamén sexa estrutural a explotación laboral e determinadas condicións de traballadores e traballadoras. Necesitamos poñer luces longas, mudando o modelo empresarial e produtivo, facendo investimentos en innovación e non reducíndoos, como fixeron vostedes.

O señor Feijóo falaba do Plan estratéxico 2015-2020. No 2010-2015 vostedes prometían subir de 1 a 1,5 puntos do PIB o investimento en I+D+i; acabaron ese plan estratéxico reducíndoo a 0,86 %. Esa é a credibilidade que teñen vostedes cando falan de innovación como base para o desenvolvemento. A súa non estratexia económica consiste na desregularización da economía, deixar desfacer, empobrecer o país e precarizar o emprego.

Precarizar o emprego, outro dos grandes problemas sobre todo que afectan a xente nova. ¿Como se vai falar de natalidade se os traballos son inestables, se non se sabe onde vas estar dentro de dous meses, se non se sabe se vas ter traballo, se os salarios non dan para vivir e se esa situación non dá para plantexar proxectos de vida a medio e longo prazo? É imposible. Necesitamos cambiar iso e vostedes teñen unha incapacidade absoluta, son xestores da submisión.

Son innumerables os episodios que evidencian a debilidade política da xestión da Xunta de Galicia. O señor Feijóo veu actuar e facer de home de Estado pretendidamente e non é capaz sequera de facerse respectar como presidente dos galegos e galegas para defender os nosos dereitos.

Non é capaz de ser tan contundente como o foi con Cataluña cando fan o veto vergoñento para vetar só o debate da transferencia da AP-9, dunha lei aprobada unanimemente neste Parlamento. Debería de darlle vergoña cando agacha as orellas diante de Madrid unha vez tras outra coa AP-9, coa reforma do sector enerxético, que prexudica o país, etc., etc. Vostede é militante —e militante submiso— do Partido Popular. (*Aplausos.*) Non está ao servizo de Galicia. Sacrifican todos os intereses dos galegos e galegas, tragan rodas de muíño e aplauden cando o seu Goberno amigo fai estas cousas.

E conclúo —porque me remata o tempo— falando de Cataluña. Cataluña para vostedes é un pretexto para a súa estratexia do medo. Para nós é un motivo de esperanza democrática. Para o Partido Popular, un pretexto para intentar esmagar de vez a vontade soberana da maioría dos cataláns e das catalás, para impoñer un teito baixo ao exercicio da democracia, para proscribir a rebeldía. Élles a coartada para ensaiar unha reforma non declarada do título

VIII da Constitución, para impoñer na práctica unha rebaixa recentralizadora a todos os autogobernos. A aplicación do artigo 155 é o soño húmido do seu autoritarismo, a ocasión perfecta de reducir todo o Goberno á descentralización administrativa, a solución final do centralismo autoritario que a vostedes tanto lles reina e tan penosamente representou a cabeza do reino no seu último e desafortunado discurso. O seu medo é a nosa esperanza: poder decidir o noso dereito democrático básico. Cataluña fai unha demanda democrática, quere exercer o seu dereito a decidir con toda liberdade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Dixo Castelao que Galicia deixará de loitar pola liberdade cando a conquira. E a nós parécenos moi ben que Cataluña faga o mesmo, porque, podendo facelo Cataluña, decidir agora, Galicia poderá facelo mañá.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Presidente da Xunta de Galicia, membros do Goberno galego, deputados e deputadas, moi bo día a todos.

Despois do discurso da apocalipse, despois do discurso catastrofista, imos falar da Galicia real, da Galicia real, da Galicia que sae da crise, da Galicia da recuperación económica, da Galicia que crea emprego, esa Galicia na que vivimos todos menos os señores das Mareas, os señores do BNG e os señores do Partido Socialista. (*Aplausos.*)

Eu teño que comezar dándolle a razón ao señor Sánchez; nunha cousa ten razón: ¡claro que temos medo! Temos medo todos os españois, temos medo de que España se rompa, e temos medo de que os populistas poidan algún día chegar ao Goberno e chegar ao poder. Porque vostedes son unha auténtica ameaza para a nosa democracia, e por iso temos medo. ¿E sabe por que? Porque se vostedes gobernasen algunha vez, pisotearían os dereitos da maioría, pisotearían os dereitos democráticos dos galegos e das galegas e do conxunto dos españois. ¿E por que? Porque vostedes se parecen moito aos independentistas cataláns, e é o que está acontecendo en Cataluña nestes días: estase pisoteando os dereitos do conxunto da cidadanía catalá. E é o seu modelo, porque tamén acontece en Venezuela, que é o seu referente, do que algún membro destacado do seu partido cobra relixiosamente.

Polo tanto, nós estamos noutra posición ben distinta, nós non estamos nas súas posicións. ¡Claro que temos medo! Nós estamos coa Constitución, nós estamos co Estado de dereito, e nós estamos coa lei. Porque vivimos nun gran país, (*Aplausos.*) nun dos países máis descentralizados de Europa, un gran país que vostedes queren romper.

Non nos sorprende que vostedes estean en contra do discurso do rei, porque vostedes non están dispostos a aceptarlle leccións de democracia. Vostedes aceptan as leccións de democracia de líderes políticos como Fidel Castro, ao que señor Luís Villares despedía o día do seu falecemento dicindo: «O seu legado queda; ata sempre, comandante». Eses son os seus referentes; os nosos, os que emanan da Constitución española. *(Aplausos.)*

Mire, dígolle unha cousa: os que apoian golpistas son tamén golpistas. *(Murmurios.)* Apoiar os independentistas cataláns é traizoar a Galicia e é traizoar a España, alá cada un onde queira situarse. E, dende logo, os galegos e as galegas están ben atentos para saber onde está cadaquén nestes momentos tan importantes para o noso país.

Vivimos tempos convulsos na política —dicíao a señora Vilán, e eu creo que pode ser; ademais, soaba un pouco a discurso de despedida—, vivimos tempos —permítanme dicir— cuxos feitos son máis propios dun guión dunha película. A día de hoxe, no Parlamento galego temos un ex-maxistrado á fronte das Mareas de Podemos que pide, día si e día tamén, que se incumpran as leis, e que quere converter este Parlamento nunha sorte de monologuista do Club da Comedia; viámolo onte facendo moitos chistes frivolisando nun debate tan importante como o debate do estado da Autonomía, tomándose a coña a Galicia. Viamos tamén un Partido Socialista, que foi nalgún día partido de goberno e que está máis preocupado polo que pasa nas súas filas que polo que pasa en Galicia. E un partido que é tan nacionalista galego e quérelle tanto a Galicia que a súa única folla de ruta é copiar o nacionalismo catalán; hai amores que matan, señora Pontón —que está ausente—. Esa é a radiografía do que acontece neste Parlamento neste debate do estado da Autonomía.

Con estas personaxes, con este guión, a oposición do Parlamento galego de hoxe en día podería ser unha divertida comedia, pero o certo é que é un auténtico drama para Galicia. E, polo tanto, neste debate do estado da Autonomía puidemos ver retratadas dúas realidades políticas que vive o noso país nestes momentos. Dunha parte, a dun goberno e unha maioría parlamentaria que presentan un balance contrastado do que fixemos ao longo dos últimos oito anos para loitar contra a crise económica, un goberno e unha maioría parlamentaria que se presentan cun diagnóstico claro do que queda por facer —porque queda moito por facer— e, por último, unha folla de ruta para conseguilo. E, doutra parte, vemos a realidade dunha oposición que revelou non ter ideas para Galicia, non ter proxecto de futuro para Galicia e non ter ningún futuro en si mesma.

Señorías, Galicia hoxe pode contar cun goberno e cunha maioría parlamentaria que segue ocupándose da economía, ocupándose do emprego, ocupándose da actividade económica que permite que cada día sexan máis galegos os que teñan oportunidades laborais no seu país. Galicia hoxe pode contar cun goberno e cunha maioría parlamentaria que é sensible cos problemas dos que peor o están a pasar e dos que máis axuda necesitan.

Galicia hoxe pode contar cun goberno e cunha maioría parlamentaria que se ocupa do noso medio rural, do noso agro, do noso mar e dos nosos sectores estratéxicos.

Galicia pode contar con que nós seguiremos ocupándonos de mellorar día a día a nosa sanidade e a nosa educación.

Galicia pode contar con que seguiremos facendo da nosa terra un lugar mellor para ser neno e tamén para ser maior.

Galicia pode contar con que intentaremos seguir baixando os impostos na medida do posible para que os cartos estean no peto dos galegos.

E Galicia pode contar cun goberno, cunha maioría parlamentaria e cun partido que vai traballar día a día con lealdade á lei, con lealdade ás institucións e con lealdade ao noso marco constitucional. (*Aplausos.*)

Deste compromiso con Galicia e da confianza que nos deron os galegos hai agora exactamente un ano emana a batería de propostas de resolución que temos presentado para este debate dende o Grupo Parlamentario Popular, que somos a maioría desta Cámara. Somos a ampla maioría desta Cámara porque así o quixeron os galegos, por moito que a vostedes os moleste. E lémbrollelo porque, escoitando algúns dos portavoces durante os últimos días, semella que o Grupo Popular ten 41 deputados por azar, ten 41 deputados non se sabe moi ben por que, pero o certo é que temos 41 deputados e temos unha maioría estable porque así o quixeron a maioría dos galegos cando se lles preguntou hai hoxe exactamente un ano.

Decía que desta maioría emana unha batería de medidas, e esta batería de medidas só ten unha razón de ser: mellorar a calidade de vida dos galegos, atender as súas demandas e dar resposta ás súas necesidades. Iso é o que facemos dende o Goberno, dende o partido: comprometermos e cumprir co que prometemos.

Neste debate do estado da Autonomía concretamos as rebaixas selectivas dos impostos para incentivar os investimentos estratéxicos do rural, nos cascos históricos e na compra de solo industrial. Concretamos o reforzo das políticas en materia laboral, a oferta de 40.000 prazas de emprego público para diminuír a taxa de temporalidade. Concretamos a nosa aposta por un modelo educativo. Concretamos a nosa aposta pola lingua e pola cultura galega. Nós defendemos o idioma como sabemos, que é traballando día a día e traballando día a día por el e con el, non como instrumento político, non como elemento para dividir a sociedade, non, non, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) como lingua para comunicarnos, como patrimonio cultural que é de todos os galegos, non é do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Concretamos a nosa proposta por unha formación profesional útil para a mellora da empregabilidade dos nosos mozos. Concretamos o noso esforzo en infraestruturas; seguiremos reclamando que Lugo ou Ferrol teñan unha conexión digna coa alta velocidade, que os socialistas prometían pero nunca fixeron absolutamente nada; e tamén seguiremos dando cumprimento ao noso compromiso con mellorar a seguridade viaria nas estradas de titularidade autonómica. Concretamos o compromiso coa Administración de xustiza, tal e como plantexamos nas nosas propostas.

Señorías, seguindo con esa proposta, esa batería de propostas que temos presentado neste debate, permítanme que fale dun compromiso coa igualdade e que, neste sentido, faga unha breve paréntese. Na súa curta vida política o señor Villares —que xa marchou, e moito temos que esa traxectoria política vai ser moi curta— ten unha longa lista de mentiras ou

de falsidades nas súas intervencións. Pero unha das peores díxoa o pasado mércores cando dixo que Galicia era a comunidade con máis mulleres asasinadas neste ano por violencia machista. Mentiu o señor Villares, mentiu en sede parlamentaria, mentiu pola mañá e repetiu a mentira pola tarde por se non quedaba meridianamente claro. E ese é o líder das Mareas de Podemos aquí en Galicia. Mentiu, mentiu porque non é verdade. E, polo tanto, é unha práctica coa que nós non estamos absolutamente de acordo. Nós cremos que non se pode facer partidismo coa violencia machista. Pero é unha práctica moito máis miserable mentir e manipular a realidade para facer partidismo. Iso é ao que se adican vostedes, nós lamentámolo profundamente.

E, mentres, claro, vostedes están moi preocupados polo 1 de outubro e polo que pasaba en Cataluña. Nós tamén, pero ese día en Cataluña morreu unha muller e o seu bebé de 11 meses e non tivo un minuto de silencio, porque o Goberno da Generalitat estaba con outras cousas; e os observadores tamén, estaban con outras cousas. Esa é a preocupación do nacionalismo.

Mire, tamén fixemos unha proposta... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, hai runrún tamén e... Non, non, houbo, houbo. Hai runrún para os dous, pero imos respectar o que está no uso da palabra. Imos terminar este debate do estado da Autonomía con tranquilidade, que é o que procede. Iso é o que esperan de nós. ¡Veña!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Tamén fixemos unha proposta: que a Xunta non patrocine eventos deportivos nos que se discrimine nos premios por cuestión de xénero. Queremos pelexar contra a lacra da desigualdade, facémolo dende o Goberno con propostas concretas, sen mentirlle a ninguén, sen utilizar os datos de forma demagóxica. Queremos pelexar contra a lacra da desigualdade e facémolo dende cuestións claramente concretas. (*Aplausos.*)

Señorías, o Partido Popular é un partido eminentemente rural. A vostedes non lles gusta que o digamos, pero vostedes si que o din moi a miúdo para menosprezar os nosos votantes. Somos o partido do rural, somos o partido do mar, somos o partido que representa a maioría de Galicia. E por iso nestas propostas de resolución tamén temos espazo para o noso agro e para o noso mar. Queremos poñer en valor os nosos produtos, impulsar a promoción da calidade agroalimentaria e a agricultura ecolóxica. Supoño que as Mareas de Podemos van votar a favor das nosas propostas. Queremos impulsar a reestruturación parcelaria, mobilizar terras en desuso e recuperar áreas para contribuír á fixación de poboación no rural. Como nos preocupamos pola nosa pesca, preocupámonos de que Galicia siga o impacto que terá o *Brexit* no sector para poder defendernos e defender os nosos intereses.

Somos, en definitiva, o partido que aposta máis decididamente polos sectores estratéxicos de Galicia, e por iso tamén traemos propostas en materia de industria, propostas en materia de innovación, que veñen reforzar a estratexia que se leva acometendo nos últimos anos para cambiar o noso modelo produtivo.

E hai un sector económico no que cremos, sen ningunha dúbida, que vostedes poñen en dúbida. Nós sabemos que o turismo en Galicia representa o 11 % do PIB e o 12 % do emprego

total da nosa comunidade. Algúns de vostedes quixeron xogar ao xogo interesado da turismofobia... (*Murmurios.*) —si, si, ríase—, inventando un problema que aquí non existe. Por iso seguiremos enfocados a facer crecer o sector con modelos que redunden na calidade do servizo e posta en valor do noso patrimonio natural e a desestacionalización do noso turismo. Nós imos seguir apoiando o turismo, fixémoslo sempre e imos seguir facéndoo.

Señorías, vostedes tamén din, con profundo desprezo, que somos o partido dos vellos, da xente maior, que só gañamos porque nos votan os vellos. E nós estamos moi orgullosos de ser o partido máis votado en todas as franxas de idade e tamén de ser o partido máis votado pola xente que máis experiencia ten; vótannos a nós, elixen en nós en quen depositar a súa confianza. (*Aplausos.*) E, polo tanto, algo quererá dicir.

Terá tamén algo de culpa nisto que apostamos decididamente polos nosos maiores dende a Consellería de Política Social, quererá dicir tamén algo nisto. E por iso o presidente antonte adquiriu un compromiso enorme coa dependencia, un compromiso que xa coñeciamos porque ano a ano mellorou as cifras de atención doutros gobernos que tiveron moitos máis recursos pero non os adicaban á dependencia. Tiña razón a señora Vilán: o señor Zapatero aprobou a Lei de dependencia; iso si, non fixo nada máis, nada máis, só aprobala. Aquí en Galicia, 14.000 atendidos polo Partido Socialista; imos chegar aos 60.000 atendidos, sen axuda do Partido Socialista, porque vostedes nunca axudan en nada. (*Aplausos.*)

E dende este grupo queremos que o Goberno galego impulse as políticas de avellentamento activo, aumentando o número de prazas na rede de centros para persoas maiores, que aumentou ano tras ano durante os anos da crise; ano tras ano había máis prazas en residencias, en centros de alzhéimer, en centros de día, en escolas infantís. Iso é facer máis con menos, que a vostedes tanto os molestaba. O certo é que vostedes prometían e nós fixemos. Vostedes prometeron en épocas de vacas gordas e levaron a Galicia á crise, e nós sacamos a Galicia da crise, facendo máis, apostando pola política social. Por iso vostedes son hoxe a terceira forza política en Galicia e por iso nós, humildemente, temos que agradecer que os galegos nos dean a súa confianza con ese 47,5 % do voto acadado hai un ano.

Ía dicir: señor Villares, tome nota disto, pero, como non está, non podemos dicirillo. Porque a nós, que atendemos os maiores, gustaríanos que alí onde gobernan as Mareas de Podemos tamén fixeran algo coa política social, porque utilizan a política social nos slogans, nas soflamas, pero logo, cando gobernan, esquécense do servizo de axuda no fogar, por exemplo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor. Ou olvídanse de adherirse a ese sistema de vivendas baleiras, porque, claro, está moi ben dicir as cousas e logo facemos o contrario. (*Aplausos.*)

Mire, nós concretamos medidas concretas de conciliación para reverter a nosa complicada situación demográfica. Somos sensibles coa inclusión; de aí que tamén promovamos que nas ofertas públicas de emprego se fomenta cada vez en maior grao unha reserva de prazas para persoas con discapacidade intelectual. O noso grupo presenta tamén, como dicía, a proposta de apostar polas vivendas para quen máis o necesita, e aí está o noso compromiso co Bono de alugueiro social, co Programa Realuga, co Programa Reconduce ou co Programa de vivendas baleiras.

Polo tanto, ¿quen é o Goberno antisocial, señor Sánchez? Eu creo que son os das cidades, que son os das cidades nas que vostedes gobernan.

Pero se houbo unha área que foi vítima das súas mentiras, das mentiras do populismo galego, das mentiras do nacionalismo galego e das mentiras dese socialismo acomplexado, que quere imitar as Mareas de Podemos, se houbo unha área que foi especialmente vítima desas mentiras, foi a sanidade pública galega. Vostedes mentiron co Hospital de Vigo, mentiron, e agora sábeno todos os vigueses, que coa súa tarxeta sanitaria poden ir alí e ser atendidos gratuitamente. *(Murmurios.)* Mentiron cando falaban de copagos sanitarios e agora menten coa reforma da Lei de saúde pública. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, ¡silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Menten. E sigan facendo vostedes esa política de oposición, que os galegos os teñen moi en conta, e por iso, cando hai que ir votar, cando todos temos o dereito a decidir, os galegos deciden e deciden que vostedes non, e deciden que o PP si; esa é a diferenza. Polo tanto, sigan vostedes mentindo, que lles vai moi ben e a Galicia, dende logo, lle vai moi ben.

Nós presentamos unha batería de iniciativas, pero presentamos un último bloque de medidas que é o bloque institucional. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Perdón, un momento. Non, iso non, ¡eh! Por favor, por favor. Por favor, señores deputados, nin dun lado nin do outro, iso non. Iso non, e enténdenme, ¡eh!, os dous. Iso non debe suceder nesta Cámara. ¡Ollo!

Prosiga, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O último bloque de propostas que presentamos é un bloque que denominamos institucional e no que queremos que aquí sexan vostedes os que se comprometan cos galegos. Comprométanse aquí a que vostedes non van querer gobernar nas próximas eleccións municipais onde non gañen as eleccións. Algo tan fácil en democracia que é deixar que governe quen gañe. E iso é o que ocorre. E en Tui o que teño que dicirles é que o Partido Popular foi o máis votado, o máis votado, esa é a realidade. E nós non imos aceptar leccións de democracia cando alí en Boimorto un señor foi alcalde cun concelleiro. Era do BNG, claro, alí valía. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Alí valía un concelleiro, señor Mini... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós o que lles pedimos é que se comprometan a respectar a vontade dos galegos e as galegas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Intente que lle deixen falar no turno de réplica.

Comprométanse vostedes cos galegos da diáspora, deixen de lado os seus padriños políticos, señores das Mareas de Podemos, e póñanse de lado dos galegos de Venezuela; galegos que se atopan baixo o xugo dun réxime chavista e, dende logo, o que queren é seguir cobrando as súas pensións. Supoño que vostedes votarán a favor desta proposta de resolución que temos presentado. Vostedes, que aman igual que nós a Venezuela, apoiemos os galegos que residen nese país. (*Aplausos.*)

Neste bloque quixemos expresar a nosa adhesión ao discurso pronunciado polo xefe do Estado, no que demanda o cumprimento da orde constitucional, algo que xuramos todos os que somos cargos públicos, señor Sánchez, así de simple, salvo que vostede xurara ou prometera en van. Pero o certo é que o discurso do xefe do Estado o que demanda é o cumprimento da orde constitucional e reivindica o normal funcionamento das institucións e a plena vixencia da lei en Cataluña. Nós temos que agradecer a postura responsable do PSdeG-PSOE nesta cuestión, co que fomos capaces de chegar acordos. ¡Oxalá ese sentido común que ten o PSdeG-PSOE tamén se estenda a Madrid, e tamén o seu compañeiro Pedro Sánchez actúe coa mesma lealdade á orde constitucional con que actuou o PSdeG-PSOE.

Tamén expresamos a nosa solidariedade coa Garda Civil e a Policía Nacional no seu labor de protección dos nosos dereitos e liberdades, e condenamos o acoso que están a sufrir os seus membros neste días en Cataluña.

No mesmo sentido, tamén imos condenar calquera tipo de acción violenta promovida por grupos políticos con afán de intimidar a un rival ou coartar a súa actividade política. Condenamos calquera tipo de actuación que vaia nesa dirección. Facémolo nunha proposta de resolución que temos presentada, que condena os escraches, e nós cominamos a todos os grupos a posicionarse sobre esta cuestión. O outro día deixounos preocupados o señor Pablo Iglesias, preocupados polos escraches, en concreto os que sufrían cargos de Podemos en Zaragoza.

Nós condenamos este escrache, pero tamén condenabamos o escrache que sufría a presidenta da Comunidade de Madrid —naquel momento delegada do Goberno—; nós tamén condenamos este. Este, naquel momento, foi cualificado polo señor Pablo Iglesias como *jarabe democrático*. Non, non, hai que condenar todos os escraches, absolutamente todos. Polo tanto, como é algo de sentido común (*Aplausos.*) en democracia, nós agardamos que desde as Mareas de Podemos tamén se rexeiten todos os escraches, como o que protagonizaba, por exemplo, a alcaldesa de Barcelona hai un tempo, cando aínda non era alcaldesa. Nós pedímoslles que se posicionen en contra porque nós estamos en contra dos escraches aos cargos públicos de Podemos.

Remato xa. Cremos que todos os que queiran chamarse demócratas deberían respectar os principios mínimos de convivencia que se expresan nestas propostas de resolución que acabo de expoñer, e estes valores constitucionais. Non lles pedimos ningún postulado revolucionario, só lles pedimos que se adhiran con nós ao respecto do Estado de dereito, ao respecto á lei. Seguro que o van facer, Non temos ningunha dúbida porque vostedes están tamén nesa posición.

Sabemos que polo menos co Partido Socialista temos moita marxe para chegar a un entendemento nas cuestións fundamentais, porque é un partido constitucionalista. Oxalá dende o resto dos partidos da oposición se manteña unha posición de respecto ás institucións.

Nós tendemos a man para chegar a acordos, pero, dende logo, o que hai que dicir é que a oposición ten unha forma curiosa de entender o diálogo.

Nós presentámoslle a En Marea once ofertas de transacción...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e aceptou cero. Nós presentámoslle ao BNG nove ofertas de transacción e aceptou cero. É unha curiosa forma de entender o diálogo a deste partidos.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas dos demais grupos.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Non, non lle vou dicir nada ao presidente porque nós temos bastante máis educación por momentos que a que demostrou o señor Tellado aquí arriba. (*Aplausos.*)

Vou empezar por unha cuestión que, polo menos desde o noso grupo, nos parece que xa roza o incualificable, porque para non querer politizar desde o Partido Popular —e o señor Tellado en concreto— a violencia machista, quedou vostede á altura do betún absolutamente. (*Aplausos.*) Porque querer usar os asasinatos machistas para enlamar o debate nesta Cámara, mesturándoos ademais co que está a acontecer en Cataluña, a min o que me parece é unha falta de respecto, e eu pediríalle sinceramente, se quere —porque ten vostede todo o dereito do mundo a decidir sobre as súas propias palabras—, que o retirase. Pero, se non quere, pois jalá vostede! Eu creo que di moito de nós o que facemos e o que dicimos tamén.

Nese sentido, vou enlazalo con isto. Vostede veu aquí cun discurso absolutamente incendiario para acusarnos aos demais, nomeadamente ao BNG, de querer copiar o independentismo catalán.

Nós fomos a única forza política na nosa intervención que se centrou nos problemas do país, que intentou poñer enriba da mesa as cuestións centrais para enfrontarmos os retos de futuro que ten Galiza por diante. Vostede xa entrou directo, coa quinta posta e cun discurso —xa digo— absolutamente incendiario, absolutamente exaltado, e intentando darnos leccións de democracia a todo o mundo.

Eu creo que cumpre vostede á perfección o papel que lle teñen reservado, e cada vez que intervéñ deíxanolo máis claro a todas. Co Partido Popular nós chegamos a dúas transaccións, vostedes non sei se se van botar agora atrás, xa nolo comentarán con posterioridade. Nós tamén lle propuxemos propostas de transacción ao Grupo do Partido Popular, o que pasa é

que vostedes eu creo que entenden o diálogo en sentido único, que todos asumamos o seu discurso, que todos nos adhiramos á súa visión do mundo, á súa realidade, porque é a única realidade posíbel. *(Aplausos.)*

Moi preocupado dicía el que estaba por falar da Galiza real —dos mundos de Yupi, por momentos pensamos nós, desde o Bloque Nacionalista Galego—, pero despois cunha parte importante, unha parte bastante central, ademais, das propostas de resolución do seu grupo, con ese bloque que vostede chamou institucional, o que pretenden é situarnos a todos nun relato único, intentar convencernos, e o peor de todo, intentar que creamos un relato do que está a acontecer en Cataluña en virtude dos intereses concretos do Partido Popular.

Nin unha mención á vulneración de dereitos fundamentais, nin unha soa. Non é que o diga eu, é que o di o alto comisionado para as Nacións Unidas, *(Aplausos.)* que pediu ademais que o Estado español non vete a entrada de investigadores independentes para ver o que aconteceu en Cataluña coas cargas policiais, coa represión policial e a vulneración.

Xa digo, son palabras textuais do alto comisionado para os dereitos humanos das Nacións Unidas: vulneración de dereitos fundamentais. A máis recente, que se suspenda pola vía xudicial unha sesión plenaria. Aquí, na primeira xornada de debate, dicía o señor portavoz do Partido Popular que non se convocaban sesións de control ao Goberno, sesións ordinarias, no Parlamento catalán. Cando deciden que nin sequera chegaran a formular a propia convocatoria, vía do Tribunal Constitucional, e a expensas do Partido Socialista, suspéndese unha sesión plenaria. Estupendo. ¡Estupendo! Esa é a visión do diálogo, esa é a visión do entendemento.

Nós creo que o dixemos moitas veces e volvemos repetilo todas as veces que sexan necesarias: fronte aos porrazos, nós estamos da man do diálogo, estamos da man de resolver pola vía da negociación política os problemas políticos. Porque o que se pretende aquí é negar a maior, negar o que todas ademais vimos en directo e que recollen as principais cabeceiras dos xornais internacionais, escandalizados polo que aconteceu o 1 de novembro, pola represión policial en Cataluña. Pero tamén a verdade —hai que dicilo— é que xa nos teñen acostumadas tamén a isto de inventarse un relato falso para intentar agochar as miserias do Estado, e non hai máis que botar un pouco a ollada atrás co que aconteceu aquel 11-M. ¡Aínda había quen seguía anos despois insistindo en que fora ETA e non o terrorismo yihadista! *(Aplausos.)*

En relación coas propostas, ademais de intentar instalarnos a todas nese discurso incendiario do xefe do Estado —nós xa dixemos que quen queira ostentar un cargo de representación pública que se presente a unhas eleccións—, invéntanse cousas. A turismofobia. Acusábanos aos demais de querer sacar rédito de casos que aquí non se produciron en ningún momento. O único debate que se produciu a respecto diso nesta Cámara foi por unha iniciativa traída polo Partido Popular. Agora teiman outra vez en traelo con esta proposta de resolución.

Nós xa empezamos a ter unha dúbida que paira no aire, non sei se nos poden responder na seguinte réplica, e é se vostedes de verdade non alimentarán o seu discurso da violencia. Esa é unha das grandes dúbidas que temos: se vostedes non desexarían que acontecese neste país o que está acontecendo noutros lugares.

Hai outras propostas de resolución, como é a número 22, por exemplo, que é un acordo, amputado pero é un acordo deste pleno; a número 26, a das pensións dos galegos en Venezuela, tamén é un acordo que xa se adoptou, polo menos xa se votou aquí nesta Cámara; e agora xa nos deixou claro que o interese non eran as persoas pensionistas de Venezuela, senón directamente lanzar —como xa intuíamos— un discurso en contra do Goberno bolivariano de Venezuela.

Noutra, por exemplo, na número...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas.

Noutra, por exemplo na número 36, pídenlles vostedes directamente a outras institucións que fagan o que non fan vostedes. Pídenlle desde esta Cámara á Xunta de Galicia que inste as demais institucións a garantir servizos de proximidade, pero despois, cando se lles reclama nas rúas e nesta Cámara que se retire a lei de reforma da Lei de saúde porque vai supór a desaparición das áreas sanitarias nas comarcas, din que non. Cando se pechan escolas con matrícula suficiente para garantir servizos de proximidade nas comarcas, nomeadamente nas do rural, entendemos que vostedes deberían aplicarse, en primeira instancia o seu propio conto.

Nós insistimos, non imos entrar a ese tipo de posicionamentos políticos que o único que intentan de verdade é amedrentarnos a todos, tensionar e incendiar un debate que —diciámolo na nosa intervención ao principio— debe ser sosegado, debe ser un debate maduro e debe ser un debate democrático. Estamos nun momento onde se están a producir moitas mudanzas, onde se van abrir moitos escenarios políticos novos, e é importante que poidamos reflexionar colectivamente como país como vai facer Galiza para encarar estes retos que ten por diante.

Nós temos enriba da mesa as nosas propostas, e xa digo que o que non imos facer é poñernos nesa posición enlamada absolutamente na que nos queren instalar vostedes.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu onte, na rolda de prensa que nos tocou facer aos viceportavoces, dicía que no discurso do outro día do presidente Feijóo daba a sensación de que el parecía a abella Maya voando de flor en flor nun país multicolor. E hoxe, señor Tellado, vostede é como Willy, aquel compañeiro que non paraba de estar coa abella Maya voando tamén de flor en flor naquel país multicolor. *(Aplausos.)*

Efectivamente, o noso referente é o constitucionalismo, é a Constitución do ano 78, hoxe e cando se votou a Constitución do ano 78. Ten un título VIII que se refire ás comunidades autónomas, e os socialistas non dubidamos, non estamos acomplexados nin estabamos acomplexados, e votamos a favor. Os membros de Alianza Popular abstivéronse. *(Aplausos.)* Esa é unha das diferenzas entre vostedes e nós. Nós non estamos acomplexados co constitucionalismo nin coa Constitución do ano 78, nin sequera coa anterior Constitución previa ao golpe de Estado do general Franco. *(Aplausos.)*

Pero é verdade que ese título VIII necesita probablemente reformas, as autonomías necesitan reformas, e precisamente aí vai a nosa proposta número 18, a abrir un período de reflexión e de debate para poder chegar a esas reformas, aquí e no Congreso, para poder decidir as reformas. Os galegos xa o decidimos; decidimos, cada vez que hai eleccións democráticas, cando imos votar e que imos votar. O outro día, o día 1 de outubro, un neno de 7 anos dicíame o seguinte: «Co que me gustaba a min o día de votar, eu hoxe non saía á rúa». Un neno de 7 anos. O que conseguiron vostedes foi non tomar ningunha decisión política e agocharse detrás das forzas e corpos de seguridade do Estado, igual que agora se agochan detrás do Tribunal Constitucional e das decisións dos tribunais. *(Aplausos.)*

O socialistas reprobamos todo tipo de violencia, lamentamos a existencia de todos os feridos e lamentamos tamén a irresponsabilidade da Generalitat, que non parou o referendo ilegal, pese a saber que había feridos na rúa.

O Parlamento Europeo está en contra do dereito á independencia, en contra da independencia de Cataluña, así o dixo esta semana. E nós estamos en contra. Non vale dicir —e facía antes referencia a Juan José Millás— «hai que, hai que, hai que...», o que hai que facer é «que». Nestes días tamén os nosos compañeiros do PSC teñen interposto un recurso ao Tribunal Constitucional que se acaba de resolver hoxe mesmo, por unanimidade, señor Sánchez, e nese recurso un dos maxistrados propostos pola antiga CIU, o señor Xiol Ríos —que, por certo, defende sempre que pode o nacionalismo, xa que votou a favor, no propio Tribunal Constitucional, de que Cataluña tivese competencias para decidir a prohibición das touradas, votou a favor de que Valencia tivese competencias para decidir sobre a Lei de custodia compartida; polo tanto, é un recoñecido nacionalista—, cos seus compañeiros de sala e por unanimidade acaba de dicir que se suspenda o pleno previsto no Parlament de Cataluña. Por certo, En Comú Podem di que de novo se volva convocar.

Nós queremos outra sociedade; os socialistas queremos outra sociedade, unha sociedade na que non vaia adiante o Anteproxecto de lei de saúde, porque vai acabar coas nosas áreas sanitarias, porque, como dicían vostedes o outro día, polo visto, había unha lei con ese papeliño que nos sacou aquí o presidente Feijóo, do ano 2008, e esa lei do ano 2008 xa establecía as mesmas áreas sanitarias que se van acadar co Anteproxecto de lei de saúde. Pois, entón, ¿para que narices queremos reformar a do ano 2008, se son idénticas, e recalcou varias veces que era unha lei do presidente Touriño?

Non queremos que a Compañía da Radio e Televisión de Galicia do ano 2011 non teña unha lei que sexa desenvolta, non o queremos; queremos que se respecten os profesionais, que día a día se queixan. Son magníficos profesionais. Outra cousa é que vostedes, coas súas de-

cisións, fundamentalmente a secretaria xeral de Medios, decida que é o que sae e que é o que non sae na Televisión de Galicia ou na Radio Galega. Por certo, case sempre saen vostedes; nós, moi poucas veces ou, en todo caso, cinco segundos. *(Aplausos.)*

Non queremos a reforma da Lei orgánica do réxime xeral electoral para que governe a lista máis votada, que non é o que di a Constitución do ano 1978, por certo. Non o queremos, e vostedes tampouco, porque apoian a gobernos minoritarios que só teñen 2 concelleiros para que un deles sexa o alcalde, e incluso a outros posibles alcaldes cando só teñen 1 concelleiro noutras provincias de Galicia.

Non queremos ningún tipo de improvisación, e vostedes están improvisando coa Lei de transporte, co transporte, señora conselleira. O seu grupo parlamentario estalle pedindo a vostede que dea marcha atrás no despropósito do transporte, porque o plan, ese Plan de transporte —que, por certo, xa se leva aplicando dende hai máis ou menos un mes, e vostede sabe que se fixo dende arriba, nun despacho, cun tiraliñas e unha regra—, resulta que deixaba fóra —claro, cando un baixa ao terreo di: ¡Uf!— moitos percorridos. Pregunte en Ourense, pregunte en Verín ou pregunte en Castrelo de Miño e a ver que lle contestan, señora conselleira. Sabe vostede que lle van contestar xustamente isto que lle estou contando eu agora mesmo.

E agora si que falan vostedes cos concellos, ¡agora si! Agora resulta que os concellos tiñan algo que dicir no seu momento. Pois iso é o que nós queremos: que vostedes dialoguen antes de tomar as decisións e de vir aquí a impoñérnolas cos seus 41 deputados, dos 75 que temos. Lexitimamente teñen eses 41 deputados, nós non o discutimos, os galegos e galegas decidírono a través de eleccións democráticas, pero o que non poden é tentar vestir aquí o santo de que son máis democráticos ca ninguén e que defenden as comunidades autónomas e Galicia máis ca ninguén, porque no ano 1978 vostedes se abstiveron.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Tellado, é difícil tomar en serio as súas intervencións, porque cando vén aquí facer unha caricatura mala de Rafael Hernando..., pois é difícil.

Primeiro, o que si que non lle vou consentir é que minta. Aquí o que mentiu foi o señor Puy falando dos desafiuzamentos. Mire, o noveno informe do Observatorio Estatal de Violencia sobre as Mulleres di que en 2015 Galicia foi a primeira comunidade autónoma en asasinatos, desgraciadamente, ¡desgraciadamente! *(Murmurios.)* Polo tanto, non veña mentir.

Vostede falou de que ten medo. Mire, ¿vostede tenlle medo a este papeliño?, ¿vostede tenlles medo ás papeletas, señor Tellado?, ¿vostede tenlle medo a iso? *(Murmurios.)* Bueno, pois entón, iso era o que se fixo o domingo en Cataluña. Nós si que lle temos medo a un goberno..., *(Murmurios.)* nós témoslle medo a un goberno que pon á cabeza da política represiva

en Cataluña a un golpista do 23F de 1981 que estivo encausado por torturas tamén. Iso dános medo, porque, ademais, estamos no bando que ten un recordo aínda vivo do que pasou aquí. Vostedes non, pero nós temos ese recordo, e claro que nos provoca medo a súa actitude, señor Tellado. Provócanos medo vernos indefensos ante quen nos debería de defender e nos agride. Claro que temos moito medo. Vostedes aínda non se apearon desa cultura.

Dicía que somos unha ameaza para a democracia. Mire, a maior ameaza para a democracia son vostedes; vostede si que pisotearon os dereitos de miles de persoas que perderon a súa vivenda durante estes anos, mentres lles deron 40.000 millóns que non se van recuperar aos bancos deste país, e despois non fixeron nin sequera un banco público de vivendas para alugueiro social para darlles solución a esas persoas porque non querían baixar o prezo do mercado da vivenda. Iso é pisotear os dereitos democráticos, dereitos básicos recollidos na Constitución, que tanto din defender (*Aplausos.*); «o dereito á vivenda digna», señor Tellado.

Vostedes pisotean os dereitos da xente, o dereito fundamental a ter unha vivenda digna, cando hai unha situación na que non poden pagar a factura da luz para quentarse, mentres lles dan privilexios ás eléctricas para que sigan beneficiándose e lucrándose a custa de todos. Iso si que é pisotear dereitos democráticos.

Pisotear dereitos democráticos é aprobar unha lei mordaza para reprimir as reclamacións dos traballadores cando os botaban á rúa, cando vulneraban os seus dereitos, para reprimir os preferentistas, para tratar de amedrentar a protesta social, cando había unha situación de emerxencia social neste país. Iso si que é pisotear os dereitos democráticos, señor Tellado.

¿Que leccións nos vén dar de dereitos democráticos se son a principal ameaza á democracia, ademais pola súa corrupción xeneralizada, o partido máis corrupto de Europa, o partido imputado? ¿A que vén aquí?, ¿a mentir? É difícil tomalo en serio, señor Tellado.

Vostede fala das súas propostas. ¿Que credibilidade teñen moitas das súas propostas? Fala de que se están ocupando do emprego. Mire, vostedes conseguiron que nestes anos Galicia sexa a comunidade autónoma do Estado que peor evolución ten en emprego; de todas, a que máis emprego perde, a que máis incrementa o paro e na que máis se reduce a poboación activa. ¿Que nos vén falar agora de propostas de resolución e de emprego? ¿Que nos vén dicir? ¿Que credibilidade ten vostede para falar diso?

Vostede di que se están ocupando dos desafiuzamentos. Señor Tellado, díganos que resultados tiveron as súas políticas contra os desafiuzamentos para garantir o dereito a unha vivenda digna de todas as persoas. Nestes anos, 5 desafiuzamentos diarios. ¿Que datos pode ofrecer vostede aquí do programa Rehaluga, que nos primeiros tres anos tivo 40 realoxos? E vostedes seguen vendendo publicidade e propaganda, porque neste caso tamén hai contradicións de intereses. Vostedes colócanse do lado dos grandes posuidores de vivenda e non queren tomar medidas estruturais que rebaixen o prezo da vivenda para que a xente poida acceder a ela. Por iso, non fixemos coa Sareb un banco público de vivenda e por iso reteñen esa vivenda para que os grandes posuidores, os bancos e os seus activos, non se fundan.

Porque vostedes escollen, e escollen os bancos, as grandes inmobiliarias e os que teñen propiedades, e deixan fóra e non escollen a xente que está sen casa. E aí falamos moito máis que de cifras, señor Tellado.

¿Sabe cal é o colectivo máis afectado polos desafiuzamentos neste país? Mulleres con nenos a cargo, o colectivo máis vulnerable. Unha vez máis, os dramas teñen nome de muller; mulleres que quedan na rúa. ¿Sabe o que significa iso? ¿Sabe o que significa iso para unha familia? Pois está pasando todos os días neste país, e vostedes seguen mentindo, dicindo que funcionan ben os programas, cando saben que é unha falsidade absoluta. (*Aplausos.*) ¡Que vén aquí a dicir! ¿Que máis ameaza á democracia hai que iso? ¿Que máis ameaza hai ás persoas que iso?

Este país é a segunda comunidade autónoma que máis pobreza enerxética sofre. Case 100.000 fogares sofren pobreza enerxética, e vostedes presumen dun tócket eléctrico que chega a 3.200 fogares porque queren, porque rexeitan aquí unha proposición non de lei que presentou este grupo para incrementar os requisitos, porque só poden acceder a ese tócket eléctrico as familias que teñan un discapacitado ou nenos a cargo. ¿E por que non teñen dereito as persoas que non teñen iso a ter acceso ao tócket eléctrico? Cando a presentamos si, o 1,5 do IPREM. Se hai 100.000 fogares con pobreza enerxética, non pode chegar con 3.200, e vostedes están porfiando niso. Tamén, unha vez máis, para non molestar o oligopolio eléctrico.

Vostede fala de baixar impostos, e a súa política fiscal quedou moi ben retratada no Decreto de amnistía fiscal, declarado inconstitucional por incumprir, unha vez máis, a Constitución para favorecer os seus amigos. Non hai máis que ver o listado de persoas que saíu á luz pública dos que se acolleron a esa amnistía fiscal, que encabezaba o señor Bárcenas. ¡Que vergonza! Bárcenas, Rodrigo Rato, Ignacio González, o testafarro de Ignacio González, a Casa dos Borbóns... Ese é o Estado español que vostedes defenden, o Estado de dereito, o estado putrefacto que vostedes defenden. (*Aplausos.*) ¡Iso é unha vergonza en calquera país democrático!

Vostedes falan de emprego tamén, e de que nós queremos destruír a industria. Vostedes defenden un modelo que non garantiu neste país o emprego, que expulsou a moita xente nova deste país, e seguen defendendo o modelo de Katanga como un modelo de progreso, ¡coma se fóramos parvos!

Vostedes perderon a ocasión de crear emprego no sector das renovables xusto nos anos onde máis se necesitaba o emprego, os anos da crise. Aquí houbo oportunidades se vostedes lle plantaran cara ao oligopolio e ao Goberno do señor Soria, e non quixeron. Este país ten un potencial enorme para desenvolver as pequenas instalacións de produción eléctrica, no eólico, no fotovoltaico incluso, e vostedes unha vez máis apostaron por Villar Mir e compañía e agacharon as orellas diante de Soria, cando prexudicou este país. Vostedes agacharon as orellas cando aprobou o Goberno do Estado o decreto que penaliza o autoconsumo. ¿Por que? ¿Por que queren penalizar o autoconsumo? Porque habería unha riada de cidadáns que abandonarían a tiranía dese oligopolio, que estafa constantemente, e terían o autoconsumo como solución mellor, máis barata e máis respectuosa.

Vostedes véndense constantemente, e tamén llo pagan, tamén llo pagan, como ben mandados que son. De vez en cando cae algunha pedrea. O señor Arsenio Fernández de Mesa está cobrando 180.000 euros por saber moito do sector eléctrico. ¡Outra vergonza, señores do Partido Popular!

E vostedes falan da AP-9. ¡Pero se vostedes privatizaron no Goberno de Aznar, co señor Feijóo como conselleiro de Infraestruturas, a AP-9 a prezo de amigo! E grazas a ese prezo de amigo, esa autoestrada que pagamos todas e todos os que a utilizamos todos os días gaña en beneficios 1 de cada 2 euros; 1 de cada 3, despois de pagar impostos. Iso é a corrupción legalizada, o saqueo xeneralizado, señor Tellado, o que fan vostedes, e veñen aquí presumir algo da AP-9.

E vostedes permiten que fagan ese veto vergoñento con mentiras e manipulacións, que o saben, que se poñen colorados; teñen que ler ese informe do Goberno central, que o fai porque non ten a maioría suficiente para garantir que non se lle poida sacar ese negocio á concesionaria e que nos beneficiemos todos. E por iso vostedes tamén se negan a votar unha proposición que temos nós para estudar os datos dun posible rescate. ¿Como poden saber vostedes que estamos facendo bo negocio non rescatando a AP-9 se non teñen datos ou non os queren dicir? ¿Por que negan a verdade? ¿Por que non podemos ter datos oficiais de canto nos custaría e cales serían as vías para rescatar a AP-9? Nin iso queren. ¿Por que? Porque coa verdade, se sae á superficie, acábaselles o choio, porque eses grandes saqueos nos que vostedes son especialistas só se poden facer na escuridade de determinados despachos. Se a xente o soubese, non llelo permitiría.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Preocúpese, señor Villares, porque lle saíu un competidor por ver quen imita mellor o señor Beiras. *(Aplausos.)* É o que diciamos, o beirismo sen Beiras, que é como o chavismo sen Chávez. *(Aplausos.)* Iso é así. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, logo do discurso do catastrofismo —que está todo tan mal tan mal...— e da apocalipse, eu teño que dicirlle que os datos contradín todo o que di o señor Sánchez. Mire, Galicia crece por riba do 3 % anual no crecemento da súa economía, medran as exportacións, crecen case un 10 % interanual, e temos menos paro que en outubro de 2016, que en outubro de 2015, que en outubro de 2014, que en outubro de 2013, que en outubro de 2012, que en outubro de 2011, que en outubro de 2010 e que en outubro de 2009; e menos paro xuvenil que a media de España. Esa é a Galicia que vostedes negan.

Temos o maior número de afiliados á Seguridade Social dende hai máis de cinco anos. Unha Galicia que ten unha produción industrial que crece máis que a media do Estado e

que... (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) —si, señor Losada, si señor, por moito que lle moleste— (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) Unha Galicia que bate récords de turismo e que é unha referencia en estabilidade institucional. Esa é a Galicia da que vostedes renegan, porque vostedes queren criticar o Goberno e, ao final, a quen critican é aos galegos e ás galegas, que son os artífices da recuperación económica que estamos a vivir.

Miren, vostedes queren parar Galicia. Ese é o resumo das súas iniciativas. Vostedes queren derrogar as reformas do noso mercado de traballo, que permitiron saír da crise, queren derrogar a reforma das pensións, queren retirar a reforma da Lei de saúde de Galicia, que vai garantir os hospitais comarcais, queren eliminar os concertos con centros sanitarios e educativos privados —eses que vostedes mantiñan cando gobernaban—, queren derrogar o Plan de transporte —vostedes terán que explicar aínda esas conivencias con determinadas empresas que non explicaron adecuadamente— e queren retirar a Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais... Vostedes están en contra de todo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E vostedes veñen falando de diálogo..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e o certo é que cando lles ofrecemos diálogo non aceptan ningún. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Un momento, señor Tellado. (*Murmurios.*)

Silencio porque, se non... Estamos terminando xa, por favor. É cuestión de ter un pouco de paciencia agora.

¡Veña!, imos rematar este debate.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Falan de diálogo, pero logo non o practican, practican o contrario. Ofrecémoslle a En Marea once ofertas de transacción, aceptaron cero. Vostedes plantexáronnos cinco e nós aceptamos unha desas. Polo tanto, o conto é ben distinto. ¿Quen quere dialogar aquí e quen non quere dialogar? A vostedes ofrecémoslles once e vostedes aceptaron cero.

E co BNG pasa exactamente o mesmo. Nós ofrecémoslles nove propostas de transacción e aceptaron cero. E nós, sen embargo, a vostedes acordámoslles dúas das que vostedes nos propuxeron. Polo tanto, iso é o seu diálogo. Do que di o PP, nada, porque vostedes están en contra do PP, que é o mesmo que estar en contra de Galicia, porque nós facemos propostas sobre Galicia, facemos propostas de futuro. (*Aplausos.*) É unha forma curiosa de entender o diálogo. (*Aplausos.*)

Mire, señora Rodil, vostedes representan a versión máis populista do nacionalismo. Falan do dereito a decidir. Nós podémoslle plantexar ao presidente que queremos votar e, polo

tanto, que queremos votar que o BNG e As Mareas non poidan intervir nos plenos. E votamos. Entón, ¿iso é o máis democrático? Non, votar non é sempre o máis democrático. Votemos todos, sigamos os procedementos que establece a lei, sigamos os procedementos que establece a Constitución; e, polo tanto, eu creo que esa é unha boa mensaxe.

Por certo, a vostedes ofrecémoslles un acordo unánime para a cuestión da violencia de xénero, un acordo que onte rompeu o Bloque Nacionalista Galego. Ese é o seu compromiso. Miren, vostedes teñen unha forma moi curiosa de entender isto. Vostedes piden nunha proposta de resolución —na número 14— a retirada da Lei de implantación empresarial e ao mesmo tempo presentan unha seguinte sobre deslocalización. Oia, é que a Lei de impulso empresarial o que pretende é loitar contra a deslocalización das empresas. *(Aplausos.) ¡Aclárense! ¡Aclárense! (Aplausos.)*

A señora Pontón quería antonte falar de fotos, traía fotos a esta Cámara. Eu tamén, porque hai fotos que merecen unha explicación. *(O señor Tellado Filgueira amosa unha fotografía.)* Eu non estaría tranquilo se membros do meu partido estiveran sacando fotos *(Aplausos.)* con membros dunha banda terrorista, *(Aplausos.)* con persoas condenadas en firme por pertenza a banda armada. *(Aplausos.)* Esta é unha foto que un demócrata debería explicar. Vostede pasou por esta tribuna durante moito tempo e non explicou absolutamente nada. Vostedes saberán a súa forma curiosa de entender a democracia. Nós, dende logo, estamos coa lei, estamos co Estado de dereito e estamos coa Constitución; nunca estaremos con persoas condenadas por pertenza a banda armada. Esa é a realidade. O Bloque Nacionalista Galego, con Arnaldo Otegi. Nós temos unha forma moi distinta de entender a democracia. *(Aplausos.)*

Señora Vilán, a verdade é que non sabiamos que a data do debate do estado da Autonomía debería adecuarse ao calendario das primarias do Partido Socialista. Nós lamentámolo profundamente. Pero non se preocupe porque eu creo que os resultados serán os mesmos se o debate é antes ou despois, porque tampouco creo que o domingo vostedes vaian arreglar absolutamente nada. Saiba que, grazas a vostedes, gobernan alcaldes nalgunhas cidades que non gañaron as eleccións. Grazas a vostedes. En Ferrol goberna un señor que ten 5 concelleiros nunha corporación de 25, ¿e sabe grazas a quen? *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Grazas a vostedes, ao Partido Socialista e a dúas tráfugas do Partido Socialista. Iso é o que acontece en Ferrol. Polo tanto, vaia vostede darlles leccións alí. E en Tui, xa lle digo, somos o partido máis votado. Leccións, ningunha por parte do Partido Socialista.

Vostedes queren gobernar perdendo; dígao claramente: queren gobernar perdendo, por iso non apoian unha reforma da Lei electoral que permita que governe quen gañe. Porque vostedes xa saben que dentro de dous anos o que van facer é perder tamén nas eleccións municipais. *(Aplausos.)*

Mire, nós somos constitucionalistas. Falaba vostede do que pasou coa Constitución, e creo que ou non o sabe ou mentiu. Mire, en 1978 Alianza Popular votou a favor da Constitución española. Houbo 5 deputados de Alianza Popular que non a votaron e marcharon de Alianza Popular. *(Murmurios.)* E cando foi o referendo, Alianza Popular pediu o voto favorable para a Constitución española. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mire, respecten a Constitución española... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e iranos mellor a todos como país. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mire, señora Vilán..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...a equidistancia... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!

(Murmurios.) (Protestas.) (A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Señora Vilán, tranquilidade! *(Murmurios.)* ¡Silencio!

Imos suspender. ¿Que lles parece?, ¿suspendemos media hora? *(Algúns señores deputados e algunhas señoras deputadas: ¡Noon!)* Bueno, pois, entón, imos ser sensatos e imos rematar este debate.

Prosiga, señor Tellado. Cando queira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mire, señora Vilán, a equidistancia non vale. E aproveitar a crise catalá para desgastar o Goberno de España é tacticismo ou oportunismo político. Chame a Madrid e cóntello a Pedro Sánchez. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mire, nun estado de dereito nós estamos ao que diga o Tribunal Constitucional, ¡por suposto que si!, e, polo tanto, cumpramos as leis.

Miren, señores das Mareas de Podemos..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...nós non lles temos medo ás papeletas, porque son as papeletas... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Losada!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...as que nos converten no Goberno de Galicia. Esa é a realidade. Medo, ningún ao voto. Iso si, que votemos todos, non que voten uns; que votemos todos e que o fagamos seguindo os procedementos que establece a lei e os procedementos que establece a Constitución.

Falaba vostede dos desafiuzamentos moi emocionado —ao estilo do señor Beiras—, eu díggolle unha cousa: mire, chame coa mesma emoción ao alcalde da Coruña e que se adhira ao Plan de vivendas baleiras... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non llo digo eu, dillo Stop Desahucios. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Stop Desahucios é quen lle di ao alcalde da Coruña que se adhira. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Esa é a realidade.

O señor PRESIDENTE: Perdón, señor Tellado. *(Murmurios.)*

Silencio. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señor Sánchez, silencio! *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdoe, un momento. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señor Sánchez...! *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdoe un momento, por favor. ¡Silencio!

Gustaríame terminar este debate sen ter que chamar a ninguén á orde. Gustaríame... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero non se pode estar nun parlamento e ter mandíbula de cristal. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Pódese dar —vostede é un—, se se dá con educación, pero tamén hai que saber recibir. Estas son as regras do xogo. *(Murmurios.)* ¡Se se dá con educación! *(Aplausos.)* Que quede claro. Hai que saber recibir. *(Aplausos.)*

E remate xa... Bueno, perdón, en fin, vaia rematando, que o interromperon.

Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Polo tanto, díggalle ao alcalde da Coruña que se adhira ao Plan de vivendas baleiras, como lle di non só o Partido Popular senón tamén unha organización

que se chama Stop Desahucios, que critica o alcalde da Coruña, e é do seu partido. Polo tanto, esa emoción trasládella vostede ao señor Ferreiro. *(Aplausos.)*

Mire, nós levamos atendidas 1.500 familias que estaban nunha situación comprometida. Cada cinco días adxudicamos unha vivenda a unha familia con problemas dende a Xunta de Galicia. Vostedes non fixeron nada. Están moi emocionados, pero non fixeron nada. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Mire, ticket eléctrico, pobreza enerxética. Temos atendidas xa 11.000 familias. Non lle aceptamos lección ningunha. Once mil familias atendidas pola Xunta de Galicia; por vostedes, ningunha, porque dende os concellos non fixeron nada nesa dirección. Iso si, o que fixeron foi adicar o diñeiro desa renda social a comprar bicicletas na Coruña. Iso é o que nos diferencia.

Falaba vostede de corrupción. Mire, hai cousas que... Claro, nós estamos en contra de todo tipo de corrupción, tamén da que practican vostedes. E, polo tanto, se quere, falamos deses contratos menores dos que só son adxudicatarios os firmantes dos manifestos constitutivos das Mareas. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Oia, non o digo eu, dío *El Ideal Gallego*: «*La Marea otorga contratos menores a los firmantes de sus manifiestos...*» *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Dino outros periódicos: «*La Marea otorga otro contrato a un firmante de su manifiesto*» *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: *La Voz de Galicia*: «*La Marea de A Coruña adjudica tres contratos a los firmantes de su manifiesto...*» *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: «*El Gobierno local de A Coruña adjudicó a afines de La Marea los contratos de...*». *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

Remate xa.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Logo, se quere, falamos do Proxecto Cárcere e logo, se quere, falamos dun caso moi curioso e moi divertido que aconteceu este verán en Ferrol... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)* Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...no que o escenario das festas de verán estaba sendo instalado por unha empresa e aínda non fora adxudicado pola Mesa de contratación. ¡É curioso! Vostedes teñen unha forma de traballar da que nós, desde logo, non queremos copiar nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu quixera falarlle, por último, da cuestión dos refuxiados. Ofrecémoslle unha proposta de transacción ao Grupo de En Marea. Señor Villares, ofrecémoslle unha proposta. A verdade é que eu teño a sensación de que non saben nin sequera o que votan porque... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...a proposta de resolución estaba copiada dunha iniciativa de En Marea..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...do seu grupo..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e vostedes dixéronnos que non. Teño a sensación de que nin sequera saben do que falan e de que cando falan de diálogo en realidade o que están é tomándolles o pelo aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Imos proceder á votación.

Pechen as portas, por favor.

E reláxense porque son 36 votacións. *(Risos.)* Imos con calma, pero a ver se nos sae ben.

(O señor Sánchez García pide a palabra.)

Si, señor Sánchez, ¿para que pide a palabra agora?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Mire, non sei se este é o momento, pero quería pedir por separado a votación dunha resolución que non estaba na listaxe, que é a 40 do BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Está nunha proposta agregada. O que imos facer é esa votación separada e as outras mantéñense nesta proposta.

Bueno, entón, comezamos as votacións.

Votación das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar, imos votar as propostas de resolución transaccionadas.

Comezamos votando a proposta 18315, proposta de resolución resultante da transacción elaborada polo Grupo Socialista sobre a proposta de resolución número 11 do Grupo de En Marea.

Eu, se queren, leo só o número, porque vostedes xa a coñecen, para tratar de abreviar... (*Murmurios.*) Ben, pero eu..., non sexa o demo que despois me digan: É que vostede non leu... Se están de acordo todos... (*Asentimento.*) Perfecto.

Entón, votamos, a 18315.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 11 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto resultante desta transacción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a número 2, que se corresponde co número 18316.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 28 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto resultante desta transacción.

(O señor Sánchez García pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si?, ¿para que quere a palabra?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É que creo que todos os grupos temos unha listaxe por número de resolución, e creo que nos sería máis fácil... Non sei se vostede ten o mesmo porque aparece co número de rexistro...

O señor PRESIDENTE: Eu teño o que me pasaron, pero...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vale.

O señor PRESIDENTE: Eu podo dicir... A ver, se queren lemos doutra maneira. Esta xa está votada. Agora, a seguinte sería... A ver se así nos entendemos mellor:

Proposta número 3, transaccionada, que se corresponde co número 18317 e corresponde sobre unha proposta número 35 do Grupo Parlamentario de En Marea. ¿Está ben así? (*Asentimento.*)

Vale. Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. de En Marea sobre a proposta de resolución número 35 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto resultante desta transacción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a número 4, que se corresponde co documento 18318 e cunha proposta de resolución número 14 do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 14 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

Votamos agora a proposta número 5. Correspóndese co número 18319 e coa proposta de resolución número 39 do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 39 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 14; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a número 6, que se corresponde co documento 18320, e é a proposta de resolución número 9 do Grupo Parlamentario Popular.*

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. de En Marea e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 9 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a número 7, que se corresponde co documento 18325 e a proposta de resolución número 37 do Grupo Parlamentario Popular.*

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 37 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: *E votamos a proposta número 8, que se corresponde... Perdón, 7... Eu creo que é a 8. ¿Votamos agora a número 8? (O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Número 8, o resultado da transacción... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Iso pódese pedir. Está no Regulamento. Pódese pedir, jeh!

Lemos. ¿Léoa? *(Murmurios.)* Perdón, está no Regulamento. *(Murmurios.)* Estas son propostas transaccionadas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu creo que están falando das transaccións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, nisto póñanse de acordo os portavoces, pero eu creo que estamos falando das transaccionadas, que é normal que se lea o que se vota. *(Murmurios.) (Protestas.)*

Non, non, perdón. Non hai ningún problema en que leamos todas as que votamos antes, non hai ningún problema, pero as outras están separadas; as outras non son de lectura. Se queren, volvemos atrás e lemos as oito. ¿Queren que leamos as oito? Son transaccionadas, se queren... Teñen dereito. *(Murmurios.)* Están votadas... Tiñan dereito, podían ter pedido. Son as transaccionadas. Agora as outras... Isto pídeo un grupo... Ben. *(Murmurios.)* En fin. É un trámite... Non, non; non é... É o que está no Regulamento.

Eu vou ler isto porque se pediu e di, en concreto: «O Parlamento de Galicia lamenta os episodios que alteraron a pacífica convivencia o 1 de outubro en Cataluña e manifesta a súa solidariedade e respaldo á Policía Nacional e á Garda Civil no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades amparados pola Constitución española a todos os cidadáns, condenando o acoso que están a sufrir os seus membros, entre os que se atopan axentes galegos e galegas desprazados a Cataluña por defender o Estado de dereito e salvagardar a convivencia, a seguridade e a tranquilidade da cidadanía».

Esta é a proposta que imos votar agora.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia sobre a proposta de resolución número 38 do G. P. Popular de Galicia.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

Imos ler o resultado da votación, que é o máis importante.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Entramos agora noutro capítulo de votacións, que son as solicitudes que se formularon de agrupación e votación separada de propostas de resolución.

Comezamos coas propostas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos, en primeiro lugar, a proposta de resolución número 11.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 11 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 55; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a proposta de resolución número 15.*

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 15 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 41; abstencións, 28.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a proposta de resolución número 40.*

Votamos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, pero esta é unha proposta que votaron por separado. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, pero está publicada. (Murmurios.)

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 55; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Silencio, por favor, se non, non nos aclaramos no que imos votar.*

Imos votar agora tres propostas de resolución, en concreto, as números 1, 13 e 34.

Votamos.

Votación das proposta de resolución números 1, 13 e 34 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as propostas de resolución números 10, 18, 19, 22, 25, 27 e 35.*

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 10, 18, 19, 22, 25, 27 e 35 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: *E, por último, votaríamos as restantes propostas de resolución — para non lelas todas— do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.

Votación das proposta de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás as números 1, 10, 11, 13, 15, 18, 19, 22, 25, 27, 34, 35 e 40.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as do Grupo Parlamentario Socialista.*

Comezamos votando a proposta de resolución número 9.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 9 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta de resolución número 10.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 10 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta de resolución número 18.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 18 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 47.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución números 4, 6, 8, 20 e 27.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 4, 6, 8, 20 e 27 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 41; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora o resto de propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás as números 4, 6, 8, 9, 10, 18, 20 e 27.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as propostas de resolución do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Comezamos votando a proposta de resolución número 1.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 1 do G.P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a proposta de resolución número 2.*

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 2 do G.P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a proposta de resolución número 6.*

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 6 do G.P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de resolución número 17.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 17 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de resolución número 33.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 33 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 41; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de resolución número 40.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 55; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución números 8, 10, 15, 20 e 32.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 8, 10, 15, 20 e 32 do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: E votamos por último as propostas de resolución restantes do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación das propostas de resolución do G. P. de En Marea, agás as números 1, 2, 6, 8, 10, 15, 17, 20, 32, 33 e 40.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular.

Comezamos votando a proposta de resolución número 18.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 18 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 47; votos en contra, 14; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de resolución número 26.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta de resolución número 32.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 32 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 14; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a proposta de resolución número 34.*

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 34 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 61; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as propostas de resolución números 8, 23 e 28.*

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 8, 23 e 28 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as propostas de resolución número 3, 6, 10 e 17.*

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 3, 6, 10 e 17 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 13; abstencións, 20
O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as propostas de resolución números 22, 25, 30 e 40.*

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 22, 25, 30 e 40 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, as propostas de resolución restantes do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia, agás as números 3, 6, 8, 10, 17, 18, 22, 23, 25, 26, 28, 30, 32, 34, e 40.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 20, abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Señor letrado, ¿teño que comunicar algo? Nada máis.


Pois, entón, non hai nada máis que comunicar. Hai que preguntar. Podía haber algo que comunicar. Isto é normal que se pregunte.

Remata aquí o debate de política xeral.

Levántase a sesión.

Moitas grazas. (Aplausos.)

Remata a sesión ás nove e corenta e un minutos da noite.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25